

TEXTOS A DEBATE
XV ASEMBLEA NACIONAL

30 ANOS DE LOITAS:
PASADO, PRESENTE, FUTURO

30 ANOS



24 de novembro de 2018
Santiago de Compostela

Índice

Índice.....	2
CONTEXTO POLÍTICO.....	4
1. Contexto internacional: a aceleración do imperialismo económico.....	4
2. Estado Español: autoritario e antidemocrático.....	6
3. Situación de Galiza.....	7
O NACIONALISMO GALEGO.....	8
1. Principios Políticos.....	8
2. A Independencia: unha necesidade para Galiza.....	9
GALIZA NOVA NO PROCESO DE LIBERACIÓN NACIONAL.....	10
1. 30 anos ao servizo da mocidade galega.....	10
2. Unha maior incidencia política e ámbitos importantes da nosa actuación.....	10
3. Galiza Nova no Movemento Xuvenil Nacionalista.....	10
TESE SECTORIAL.....	12
1. Emprego.....	12
2. Lingua.....	14
3. Vivenda.....	15
4. Transporte e mobilidade.....	16
5. Ensino.....	18
5.1. Ensino Medio.....	18
5.2. Ensino Universitario.....	19
6. Ecoloxismo.....	20
7. Cultura.....	23
8. Feminismo.....	26
9. LGBT.....	29
10. Lecer.....	30
TESE DE ACCIÓN ORGANIZATIVA.....	32
1. Reforzar a organización comarcal e nacional.....	32
1.1. Introducción.....	32
1.2. Participación da militancia.....	32
1.3. Expansión organizativa.....	33
1.4. Afiliación.....	33
1.5. Funcionamento a nivel comarcal e local.....	33

1.6. Funcionamento a nivel nacional.....	34
2. Comunicación.....	35
3. Formación.....	37
4. Finanzas.....	38
5. Participación no BNG.....	39
6. Simpatizantes.....	40
7. Asamblea de Mulleres.....	41
8. Asamblea LGBT.....	42
9. Relacións internacionais.....	43

RELATORIO POLÍTICO

CONTEXTO POLÍTICO

1. Contexto internacional: A aceleración do imperialismo económico

1.1. A agudización das desigualdades

Durante estes dous anos o panorama internacional continuou fortemente determinado polo papel do imperialismo como sistema dominante ao servizo dos intereses do gran capital a nivel mundial. Isto tradúcese nun sistema político e económico internacional que busca someter a maior cantidade de recursos do planeta aos intereses duns poucos (segundo estudos estatísticos presentados no último Foro Económico Mundial celebrado en Davos, o 1% da poboación mundial, posúe o 82% da riqueza); mentres que se xeran cada vez máis inxustizas e desequilibrios para a inmensa maioría da humanidade, incidindo na explotación de clase e a opresión de pobos e nacións.

Deste xeito establécese na fase actual do capitalismo unha lóxica na que as estruturas políticas están sometidas aos intereses económicos do grande capital, mostrándose os gobernos da maioría dos estados, e en concreto da UE, con total docilidade aos mandatos das estruturas antidemocráticas do Banco Mundial e o FMI que blindan mediante tratados de comercio as súas posicións. Nos casos coma o noso, dunha nación sen estado, esta situación agrávase, pois nin sequera contamos cun goberno que poida defender os nosos intereses realmente.

Este avance do capital ten como consecuencia que estean en cuestión tanto a soberanía dos pobos, como as condicións de vida da clase traballadora e os dereitos democráticos máis fundamentais. No caso da xente moza isto tradúcese en políticas de privatización dos servizos e precarización no contexto estudantil e laboral (abaratamento do despido, temporalidade, precariedade laboral, inseguridade laboral, etc.), coa consecuente falta de recursos da mocidade para atopar emprego, emanciparse e ter unha vida digna.

1.2. Intervencións e guerras imperialistas

Se ben o proceso de expansión e ampliación da influencia do capitalismo se manifesta no primeiro mundo na privatización e eliminación de dereitos sociais e laborais, no resto do mundo presenciamos a intervención económica ou militar contra países que cuestionan a hexemonía do gran capital e se opoñen aos intereses da economía transnacional e as potencias occidentais. Este tipo de manobras inclúen dende presións económicas e operacións de sabotaxe, ata golpes de estado e mesmo “intervencións” militares directas. Son escudadas tras dunha retórica da democratización, do humanitarismo, da defensa contra o terrorismo, ou das liberdades, cando na realidade se trata de conflitos que teñen como obxectivo servir aos intereses dos estados dominantes, nomeadamente dos EUA e forzas aliadas. Non se trata dun elemento de análise novo, senón que este tipo de actuacións se veu intensificando nos últimos tempos e a violencia no contexto internacional veu aumentando de xeito exponencial; trátase do agravamento da situación de conflitos internacionais que se foi creando ó longo dos últimos anos.

1.3. Europa

1.3.1. A Unión Europea e a soberanía dos pobos

A medida que pasan os anos, constatamos cada vez máis que a Unión Europea non é máis ca unha institución internacional que se sitúa completamente ao servizo dos intereses da oligarquía internacional, é dicir, ao servizo das grandes potencias do capital. Condiciona día a día a millóns de

mulleres e homes deixándoos sen ningunha capacidade de decisión ou de opinaren sobre as resolucións da UE, que moitas veces dependen simplemente dos intereses da clase dominante de determinados países integrantes.

Por outra banda, a respecto da cuestión nacional, a Unión Europea é a Europa dos grandes estados, que exclúe e nega a realidade das nacións que a conforman. Mostra disto é que non existen os mecanismos para que nacións coma a nosa poidan intervir directamente no deseño das políticas que lles afectan no plano económico, cultural e social. En Galiza notámolo na nosa total incapacidade de decidirmos sobre as cotas de pesca ou sobre a produción do sector lácteo, a pesar das enormes potencialidades que ambos teñen. A pesar de que a participación do Estado Español na UE poida ter na superficie algúns aspectos positivos para Galiza, o certo é que seguen a ser superiores por moito as consecuencias negativas que trae consigo, debido ao rol de subordinación que Galiza ocupa dentro do Estado, de forma que na UE Galiza é a periferia da periferia. Como exemplo, asistimos os últimos anos ao desmantelamento dos nosos sistemas produtivos, reducindo as nosas capacidades de desenvolvemento a niveis pouco competitivos, mentres se favorecen os intereses doutros países e outros sectores económicos.

Todo isto tradúcese en políticas de austeridade que padece a mocidade galega, que son planificadas nestas institucións, e logo aplicadas de forma obrigatoria polos gobernos dos estados dunha Unión Europea que non dubida en exercer presión económica para que se apliquen satisfactoriamente. Porén, estas políticas nin sequera atopan resistencia por parte dos gobernos dos estados independentemente da súa cor política, xa que tanto son aplicadas por gobernos de dereitas como os socialdemócratas ou autodenominados esquerda alternativa, que baixo o paraugas do europeísmo se unen a esta submisión aos intereses do que se dita en Bruxelas, sen interese de presentar unha alternativa real á UE.

En definitiva, na actual Unión Europea non se poden concretar as nosas aspiracións a poder relacionarnos en pé de igualdade con outras nacións e estados de Europa na busca do beneficio mutuo, nin a vivirmos nunha Europa que respecte a pluralidade e diversidade nacional, cultural, económica e social dos pobos.

2. Escalada da ultra-dereita e o fascismo

Desde o ano 2013 asistimos ao ascenso electoral e ao rearme en termos organizativos en Europa e no resto do mundo – nomeadamente Latinoamérica – do fascismo, que nas últimas décadas ficara oculto pola relativa fortaleza da democracia formal que agora se atopa en crise.

Así, hoxe en día os partidos e plataformas que defenden o discurso do retroceso de dereitos e de aberta violencia e odio atoparon o seu espazo dentro do xogo mediático, e xa podemos dicir que están plenamente consolidados no sistema de partidos. Exemplos deste fenómeno son as eleccións que tiveron lugar en Francia, Austria, Alemaña, Suíza, Hungría, Italia, Holanda, Polonia, os países escandinavos, e mesmo o caso de Trump nos EUA ou o recente proceso electoral do Brasil. Estas organizacións (e figuras políticas, para os casos onde a política xira arredor de personalidades destacadas), utilizan a xenofobia e o discurso do medo ao terrorismo como arma, sinalando a migración como a principal causa do desemprego e a falta de servizos sociais, para defenderen a existencia de controis fronteirizos máis duros, mostrando ademais unha clara falta de solidariedade no caso das persoas refuxiadas.

Como causas deste fenómeno podemos apuntar ás consecuencias sociais da crise económica e sistémica, onde destaca o empobrecemento e desemprego masivos, así como a desafección cara a política de gran parte da poboación, que xa non ve nela a solución aos seus problemas. Todo isto

propicia que o discurso populista da extrema dereita teña tanto calado entre unha poboación que experimenta un descontento xeneralizado. Paralelamente a isto, estamos asistindo a unha ausencia de políticas verdadeiramente transformadoras por parte de forzas supostamente de esquerdas, así como de falta de alternativas con capacidade real de poñerlle freo a esta crecente simpatía cara a organizacións fascistas, converténdose na práctica nunha arma mais do sistema ao que din enfrontarse.

A consecuencia do saqueo e intervencionismo militar que practicaron a UE e a OTAN arredor das súas fronteiras son os numerosos conflitos abertos que xeran fluxos migratorios cara Europa. Nesta fase, os discursos xenófobos son aproveitados polo fascismo para introducir na axenda tamén outra serie de retrocesos democráticos apelando á “seguridade cidadá”. A interpretación sesgada do terrorismo facilita o uso da violencia de estado, fenómeno que é aproveitado polo sistema co fin de manter intactas as estruturas do poder económico e social, e mesmo para perpetuar políticas sociais retrógradas e que atacan os colectivos tipicamente discriminados como as mulleres, as persoas LGBT e as persoas racializadas. Pouco a pouco, vanse implementando medidas que interfíren nas liberdades sexuais e afectivas, que limitan o acceso aos servizos públicos ou que discriminan abertamente a amplos sectores da sociedade.

3. Estado Español: autoritario e antidemocrático

No contexto do Estado Español, asistimos a un proceso de visibilización do carácter antidemocrático e autoritario do mesmo, no que a cuestión nacional foi central neste período, da man do *procés* catalán camiño cara a súa autodeterminación e independencia. O Estado non dubidou en empregar toda a súa forza represora contra a poboación catalá que só quería exercer o seu dereito ao voto para decidir o futuro do seu País. Utilizou todas as vías ao seu alcance para atacar o movemento de liberación nacional catalán: a suspensión da autonomía co artigo 155, a represión policial e os encarceramentos e persecución xudicial das dirixentes políticas do *procés*.

O obxectivo en último termo é acabar coa vontade do pobo catalán de se independizar, reforzar o discurso das forzas do sistema fóra de Catalunya en detrimento do peso político que representan alí, así como disuadir calquera movemento que cuestione este modelo de Estado unitario, centralista, autoritario e corrupto; un Estado que pode considerarse unha democracia formal, mais que non é real. Do mesmo xeito, durante este período púidose comprobar como as forzas supostamente da esquerda alternativa se aliñaron coas forzas do sistema amparándose na legalidade constitucionalista; o que en definitiva supuxo situarse do lado de quen nega o dereito á autodeterminación dos pobos e a democracia. Desta forma tanto o PP e Ciudadanos coma o PSOE, Podemos e Izquierda Unida, evidenciaron o seu carácter reaccionario e españolista.

No Estado Español a liberdade non só non está garantida, senón que está constantemente en perigo. Atopamos casos de persoas que permanecen no cárcere ou exiliadas por motivos políticos, incluíndo músicos condenados polas súas letras ou persoas acusadas por publicacións nas redes sociais, sendo o caso máis rechamante na nosa nación o das *19 de Meirás*. Esta non é unha situación nova no estado español pois é unha cuestión que se remonta á mal chamada “transición democrática”, na que a monarquía e a unidade de España quedaron constitucionalmente blindadas a costa dos valores democráticos máis básicos; situación que o nacionalismo galego xa tiña analizado e que se traduce en que a Constitución de 1978 non contempla nin admite ningún camiño democrático para a autodeterminación dos pobos.

Un punto de inflexión no panorama político estatal foi a moción de censura desencadeada polos numerosos casos de corrupción do goberno de Rajoy, que situou a Pedro Sánchez na presidencia. Este goberno do PSOE, a pesar das expectativas xeradas e da forte campaña mediática creada para lle dar lexitimidade, non mostrou intencións de levar a cabo políticas diferentes no plano económico, social, ou en relación ao recoñecemento das nacións sen estado que hoxe forman parte do Estado Español. Non podemos, polo tanto, esperar deste novo goberno máis que políticas de xestos e aparencias, que non van máis alá de mudanzas meramente cosméticas, e que no referente á defensa da “unidade de España” e á situación de Galiza, non vemos máis cá continuidade das políticas miserentas que afoğan as potencialidades do noso País.

Reafirmamos, polo tanto, que hoxe en día os procesos de autodeterminación son os únicos que poden rachar co réxime do 78 e a constitución española. Non existe no estado español outra maneira para acadarmos a liberación como nación sometida e como clase traballadora. Confirmamos así que a conquista da soberanía e a independencia nacional son o único camiño para construímos o país que merecemos as galegas.

3. Situación de Galiza

Dentro do contexto xeral xa descrito, Galiza segue a ocupar un papel marxinal e dependente politicamente derivado da nosa condición de nación sen estado subordinada aos intereses da metrópole. Esta posición, adquirida por imposición historicamente dende a perda da nosa capacidade de decisión propia, determina fundamentalmente as nosas condicións de vida e condiciona as posibilidades presentes e futuras de desenvolvemento social, económico, cultural e político da nosa nación.

Esta situación viuse agravada despois das últimas eleccións galegas, nas cales o PP mantivo a súa posición predominante e o seu goberno con maioría absoluta. Nelas, a pesar da enorme campaña mediática que pretendía eliminar o nacionalismo, o BNG foi quen de reaccionar e reforzarse co seu relanzamento grazas ao traballo da súa militancia. Grazas a isto e á ausencia de procesos electorais neste período, o conxunto do movemento de liberación nacional puido centrarse no traballo social fóra das institucións; froito diso son iniciativas coma O Diario Galego e a plataforma social Vía Galega, vitais para o avance da conciencia nacional na nosa nación.

Por outra banda, en Galiza non fomos alleas ao avance do españolismo máis reaccionario no conxunto do estado como resposta ao *procés* catalán cara a súa independencia, traducíndose en aumento da exaltación dos símbolos imperiais españois, así coma novos ataques ao noso idioma; destacando neste último aspecto a reaparición de vellos discursos que cuestionan a normalización da nosa toponimia e a esixencia da lingua galega no funcionariado, ademais de traer de novo a falacia ultraespañolista da “imposición do galego” para eliminar a nosa lingua do ensino.

Do mesmo xeito, perante o intento de centralización e estatalización da mobilización social por parte da esquerda española xunto cos medios de comunicación en mobilizacións coma as das persoas pensionistas ou o 8M o nacionalismo no seu conxunto impulsou unha axenda propia nidamente galega, ao mesmo tempo que a conflictividade social aumentou logo dunha época de maior paralización. Do mesmo xeito, Galiza segue a ser unha das nacións de Europa con maior nivel de mobilización social, e nomeadamente neste período, viviuse unha etapa de aumento da mobilización social fronte a etapa de paralización durante o período 2015-2016 chegando aos seus máximos coa convocatoria da Folga Xeral por parte da CIG no 1 de maio de 2018. Porén, esta conflictividade social descendeu drasticamente coa chegada do novo goberno do estado a través da moción de censura

contra o PP pola corrupción, pois aínda que as problemáticas sociais seguen a estar enriba da mesa, o clima político é certamente distinto.

A nosa maior capacidade de mobilización social reflíctese tanto nunha maior asistencia ás mobilizacións tanto en casos nos que estas foron convocadas a nivel estatal co apoio dos medios de comunicación, caso da folga feminista do 8-M ou das mobilizacións das persoas pensionistas; ou coa capacidade do nacionalismo galego de impulsar unha axenda mobilizadora propia no país, chegando a organizárense sectores de poboación, como o colectivo LGBT, en movementos sociais con perspectiva nacional. Cabe salientar que tras o cambio de goberno no estado esta dinámica mobilizadora crecente mudou de novo, situándonos na actualidade nun escenario cambiante.

O NACIONALISMO GALEGO

Galiza Nova considerámonos herdeiras e continuadoras do ideario e o traballo iniciado hai 100 anos na Asemblea Nacionalista de Lugo, das Irmandades da Fala e o Partido Galeguista de Castelao e Bóveda, e tronzado pola barbarie franquista; así como recollemos tamén o legado das patriotas que tiveron a valentía de enfrontarse á ditadura hai 50 anos convocando a primeira manifestación do Día da Patria.

O fío condutor que nos une a todas estas persoas é o da loita pola liberdade da nosa patria, da loita pola soberanía nacional, en definitiva, de sermos nacionalistas; porque o nacionalismo galego é a arma dun pobo que se levanta contra a súa marxinação e dependencia .

O nacionalismo nunha nación asoballada coma a galega é a teoría e a práctica daqueles grupos, organizacións ou partidos que loitan pola soberanía real da mesma, a afirmación de que Galiza é unha nación e que por tanto ten dereito a ser recoñecida como tal e a exercer o dereito de autodeterminación.

Fronte outras definicións do termo nacionalismo que se empregan na actualidade dende o poder e que buscan homologar o nacionalismo emancipador das nacións sen estado ao imperialismo ou chauvinismo, debemos ter clara a teoría e práctica do nacionalismo galego ao longo dos últimos cen anos, sempre do lado das clases populares galegas, e co único obxectivo de ser unha nación soberana en pé de igualdade co resto de pobos do mundo.

1. Principios Políticos

Como nacionalistas galegas partimos da base de que Galiza é unha nación, seguindo a definición que Castelao deixou escrita no Sempre en Galiza.

Nación é unha comunidade estable, historicamente formada de idioma, de territorio, de vida económica e de hábitos psicolóxicos reflexados nunha comunidade de cultura. Soamente a existencia de todos os signos distintivos, en conxunto, pode formar a nación.

Galiza é unha nación, pois conta cun territorio diferenciado, cun idioma e cultura propias e cunhas características económicas diferenciadas. Ademais contamos cunha Historia propia que conformou ao longo do tempo as nosas características nacionais.

Porén, Galiza non é dona da súa soberanía. Ao non contar cun estado propio, falamos pois, dunha nación sen estado ou nación asoballada polo estado imperialista español, que busca no seu propio beneficio eliminar toda diferenciación e signo de existencia do carácter nacional galego. Como nacionalistas entendemos que o único xeito de que a nación galega garanta a súa existencia é a constitución dun estado independente. O exercicio real da soberanía popular é o fin último de sermos nacionalistas.

Partindo desa base o nacionalismo galego dotouse ao longo da historia dos seguintes principios políticos:

- Galiza é unha nación.
- Ten dereito á autodeterminación, e esta debe concretarse nunha alternativa de Soberanía Nacional.
- Democracia como principio inherente ao exercicio do poder polo pobo, en condicións de igualdade e liberdade real e non só formal.

- Auto-organización nacional (sindicatos, partidos, organizacións de masas...) como principio básico para defender axeitadamente os intereses da nación galega, rexeitando toda caste de colonialismo político de calquera tendencia ideolóxica.
- Anti-imperialismo concretado nunha política encamiñada á defensa dos intereses do pobo de carácter antimonopolista, dirixida a tronzar a dependencia colonial que padece Galiza e as súas relacións de dependencia, contraria aos instrumentos económicos e político-militares do sistema dominante en prol da solidariedade internacional e de todas as loitas de liberación nacional, favorábel á paz mundial e ao desarmamento.
- Política orientada cara a un modelo social que procure o desenvolvemento socio-económico sostíbel de Galiza con capacidade sobre os nosos recursos e sectores produtivos básicos, procurando o benestar da sociedade e o retorno da emigración, que instaure uns servizos sociais básicos coma o sistema sanitario e educativo acaídos á realidade do País e de carácter público, e que acade a normalización plena do idioma e a cultura de Galiza.

2. Un modelo social ao servizo da clase traballadora. Acabar coas explotacións.

A traxectoria do nacionalismo galego está claramente do lado das explotadas. Neste sentido temos defendido os servizos públicos, o traballo digno, as liberdades democráticas e a igualdade, aquí e en todos os pobos do mundo. Podemos afirmar con orgullo que o proxecto de liberación nacional foi comandado desde o seu comezo polas clases populares. En consecuencia, constatamos que nunca foi a liberdade de Galiza o obxectivo do poderoso, de quen todo llo debe á existencia de España.

As condicións de vida do pobo galego están degradadas pola imposibilidade de desenvolver as súas potencialidades, pola falta de soberanía. Pero alén desta dependencia colonial tamén emerxen conflitos sociais que ben poden darse nunha Galiza independente. É por iso que defendemos unha república galega de tipo social, na que a existencia do estado só teña sentido como ferramenta de empoderamento da clase traballadora, e non como aparello de violencia ao servizo do capital.

3. A Independencia: Unha necesidade para Galiza

Se Galiza é unha nación e non está recoñecida como tal, simbólica nin formalmente, polo Estado español afirmamos que se atopa asoballada por este. No caso de Galiza, esta dominación vén definida por unhas características que a converten nunha colonia interior do Estado español, tendo en conta que non só somos unha nación sen estado, senón que a metrópole se aproveita dos nosos recursos (como ocorre, por exemplo, no sector da madeira ou no eléctrico) sen que isto repercuta positivamente nas nosas condicións de vida.

Esta colonización execútase de xeito constante a través dun deseño económico e social imposto dende o Estado que determina as condicións materiais de vida do pobo galego. A dependencia é a causa das altas taxas de desemprego, da precariedade, da emigración, da desaparición da nosa lingua e cultura, así coma doutras eivas estruturais que afectan á demografía, a mobilidade e, en xeral, do atraso económico con respecto á nosa contorna.

A soberanía, é dicir, a ruptura con este modelo colonial, preséntase como necesidade para abordar dende a raíz estes problemas, e o nacionalismo, como práctica política que loita pola soberanía, é a expresión dos sectores do pobo galego conscientes dos problemas reais do País e que se mobilizan en busca da súa resolución.

Tal e como o nacionalismo galego ten analizado ao longo da súa historia, o estado español é irreformábel, tanto a nivel da cuestión nacional coma noutros moitos ámbitos, sendo continuador da ditadura franquista e reclamándose herdeiro dunha historia de imperialismo e xenocidio. Deste xeito é imposible acadar a soberanía nacional sen unha ruptura real co mesmo. Unha das ensinanzas que deitou o *procés* catalán na última década é que a configuración actual do estado non vai mudar polas vías que este oferta, e que o feito de tratar de acadar máis autogoberno dentro do actual marco político (estatuto e constitución) só serve de maneira táctica para demostrar que é imposible o avance por esa vía.

É por iso que a nivel estratéxico dende Galiza Nova pulamos polo exercicio do dereito de autodeterminación coa constitución dunha república galega que garanta a independencia nacional de Galiza do estado español e do gran capital, que permita construír a Galiza na que a mocidade teñamos un futuro mellor. Dentro da reivindicación desa república galega é onde debemos encaixar todas as loitas nas que participamos, pois debemos reivindicar unha república na que as mozas teñamos traballo digno, ensino garantido, na que desterremos o heteropatriarcado e, en definitiva, na que se poña fin a calquera tipo de explotación.

GALIZA NOVA NO PROCESO DE LIBERACIÓN NACIONAL

1. 30 anos ao servizo da mocidade galega

Ao longo dos 30 anos de historia da nosa organización, fómonos perfilando coma unha organización necesaria para a mellora das condicións de vida das mozas galegas e para o avance do proxecto nacionalista. Nesas tres décadas cumprimos tres funcións fundamentalmente:

- Defendemos a mellora das condicións de vida da mocidade galega e estivemos ao seu servizo en todas as loitas e conflitos transcendentales no noso País.
- Contribuímos a espallar o ideario nacionalista e aumentar a conciencia nacional entre as capas máis novas do pobo galego.
- Servimos de escola de formación de cadros políticos para o conxunto do movemento de liberación nacional en todas as organizacións sociais e políticas do nacionalismo.

Esas son as tres funcións que a nosa organización ten dentro do movemento de liberación nacional de Galiza e é a nosa misión na Historia, como mozas galegas do ano 2018, continuar o traballo iniciado por quen nos precedeu.

2. Unha maior incidencia política e ámbitos importantes da nosa actuación

Un dos retos que temos por diante neste período interasemblar é o de aumentar a nosa incidencia política. Debemos facer que as mozas galegas nos vexan útiles, sendo quen de tratar temas concretos e próximos aos seus intereses e ligalos ao ideario nacionalista dun xeito equilibrado, de maneira que nin nos quedemos no maximalismo ideolóxico nin no tacticismo na nosa acción política diaria. É por iso que deberemos aumentar a formación da nosa militancia á hora de ser quen de despreparar iniciativas políticas e será un labor deste período continuar coa liña iniciada na XIV Asemblea Nacional de mellorar a capacidade da nosa organización de dar resposta a problemáticas concretas e mesmo formular alternativas políticas, en especial a nivel comarcal e local.

Unha das principais frustracións e problemáticas nas que nos atopamos as mozas galegas é a da incapacidade de emanciparnos dos nosos pais e nais, en moitas ocasións tendo que depender economicamente deles e delas e mesmo non podendo acceder a unha vivenda propia logo de ter finalizados os estudos. Nesa cuestión xogan un papel fundamental o emprego de calidade e a vivenda, entre outras, temáticas que deberemos abordar neste período interasemblar máis a fondo. Do mesmo xeito, únense a esta cuestión as temáticas feminista e LGBT, tendo en conta que estas cuestións afectan transversalmente e supoñen unha importante preocupación social. Do mesmo xeito, non debemos deixar de analizar como Galiza, tradicionalmente país exportador de migrantes, está a acoller a cada vez máis persoas provenientes da periferia económica global. Estas galegas e galegos de primeira ou segunda xeración teñen unhas necesidades e inquiredanzas políticas propias ás que debemos dar resposta desde a nosa organización para poder así ser referenciais nun sector da poboación galega que segue a medrar mentres a xuventude de orixe galega se ve obrigada a deixar o país.

Ademais debemos seguir a reforzar a nosa presenza na mobilización social, apostando sempre que sexa posíbel por ter unha presenza continuada nas rúas e ao mesmo tempo levando ás diferentes mobilizacións simboloxía tanto patriótica como orgánica de Galiza Nova e do BNG para aumentar a referencialidade da nosa organización entre a mocidade.

Por último, cabe salientar que o traballo que realizamos en todos estes eidos debe estar fiado sempre á cuestión nacional, así coma que outras temáticas coma a lingua ou o ensino deben seguir a ocupar un papel central na nosa acción política.

3. Galiza Nova no Movemento Xuvenil Nacionalista

No contexto actual da mocidade galega existe un movemento xuvenil enormemente desartellado. Isto débese a dúas cuestións fundamentalmente: por unha banda, a inestabilidade e precariedade á que nos enfrentamos as mozas galegas no noso día a día; pola outra, o individualismo que se traslada dende os grandes altofalantes do sistema e que cada vez máis vai asentando no imaxinario colectivo do conxunto do noso pobo, e en especial das mozas.

É por iso que o labor que facemos dende Galiza Nova, organizando un grande número de mozas no día a día sexa aínda máis importante. Porén, non debemos esquecer que o movemento de liberación nacional precisa organizacións en todos os eidos, e aínda que o contexto sexa desfavorábel debemos pular por crealas naqueles que non son estritamente políticos, coma asociacións, organizacións ou plataformas que poidan encadrarse no movemento xuvenil nacionalista; así coma participar nas que xa existen e que realizan un traballo importante para a toma de conciencia nacional por parte das mozas galegas, tales coma asociacións deportivas, centros sociais, e especialmente, a organización estudantil *Erguer. Estudiantes da Galiza*, a nosa referencia no ensino.

Ademais, no ámbito político, debemos ter unha estratexia axeitada á hora de relacionarnos coas organizacións políticas xuvenís que poidan compartir os nosos obxectivos estratéxicos ou tácticos, dende o respecto mutuo e a vontade de colaboración sempre que sexa posíbel, favorecendo así tanto ás nosas respectivas organizacións coma ao avance do proceso de liberación nacional. Nomeadamente con aquelas organizacións coas que partillamos o obxectivo estratéxico da liberación nacional de Galiza e as bases do ideario político nacionalista, debemos pular pola maior colaboración posíbel, aglutinando así máis forzas na tarefa da construción da conciencia nacional entre a mocidade tratando sempre de reforzar a fronte patriótica que representa o BNG, o instrumento necesario para acadar ese obxectivo. No novo período interasemblea debemos promover unha axenda de xuntanzas con estas para estudar as posíbeis vías de colaboración en cuestións concretas.

TESE SECTORIAL

É obxectivo de Galiza Nova dar resposta a todas as problemáticas concretas que atinxen á mocidade galega mediante accións que rachen co sistema establecido. Sendo coñecedoras da complexidade e da diversidade que estes problemas presentan, e buscando tamén que a militancia da organización xuvenil teña unha visión e un coñecemento global de todos os ámbitos relacionados coa mocidade, faise necesario un estudo polo miúdo e desagregado en sectores que, hoxe en día, condicionan a vida das mozas galegas.

Así, nesta tese sectorial abordamos diferentes temáticas de interese para a mocidade galega, expoñemos as alternativas do nacionalismo a estes problemas e fixamos a liña política a desenvolver en cada área no vindeiro período interasemblea.

1. Emprego

1.1. Análise da situación

Neste último período temos analizada a situación de emerxencia que vive o emprego xuvenil no noso País, na cal as mozas teñen que afrontar unhas taxas de desemprego moi elevadas, ou condicións laborais totalmente precarias no caso das mozas asalariadas. Este contexto tan desfavorábel para o noso presente e futuro como mozas galegas, traducíase na imposibilidade de acadarmos unha independencia económica de facto, coa que ser quen de construír un futuro propio. Traducíase tamén na case obriga de escoller o camiño da emigración para poder optar a un traballo nunhas condicións menos precarias que nos permitisen acadar a emancipación económica.

Analizando a situación actual, somos quen de afirmar que as políticas da Xunta de Galiza do PP, así como tamén as dos gobernos centrais españois do PP e PSOE, fixeron que a situación das mozas galegas, así como a do conxunto das clases populares galegas, empeorara en grande medida.

Os últimos datos da EPA (Enquisa de Poboación Activa) amosan uns datos preocupantes para a nosa mocidade, cunha taxa de desemprego do 33,3% nas mozas menores de 25 anos e dun 23,2% no conxunto desta. A mocidade galega padece tamén uns salarios até un 22% máis baixos que as traballadoras de máis de 30 anos no noso País, mentres que o 75,1% da mocidade empregada de menos de 25 ten un contrato temporal. A estas porcentaxes debemos sumar á mocidade emigrada, unhas 8.000 mozas que deixan Galiza cada ano e que amortecen estas porcentaxes de desemprego, que sen dúbida reflectirían mellor a nosa realidade se non perdésemos unha grande masa de poboación xuvenil activa ano tras ano.

Estes factores e as nefastas políticas xuvenís aumentan a nosa teima por sermos quen de acadar unha independencia económica, fundamental para emanciparnos e vivir nas condicións que desexamos.

As ínfimas opcións laborais que existen son de extrema precariedade con salarios mínimos e escasos dereitos laborais como poden ser as bases de cotización, contratos en prácticas e temporais por fin de proxecto ou horas semanais. Estas condicións non nos permiten subsistir e facer fronte aos gastos diarios de manutención, alugueiro, transporte, gastos correntes, e mesmo do lecer.

1.2. Valoración política

Durante os últimos anos observamos un empeoramento substancial nos dereitos laborais e sociais no noso País. Os gobernos do Partido Popular en Galiza e no Estado español só fixeron de correa de

transmisión dos grandes poderes económicos europeos, os cales demandan máis “flexibilidade” á hora de contratar ou despedir ás traballadoras, multiplicándose así a creación de contratos temporais (chegando estes a ser contratos por horas) así como o empuxe da nosa mocidade a ser man de obra barata para países do centro ou do norte de Europa. Nos últimos anos aumentaron tamén os contratos a través de ETTs, empresas que se lucran comerciando directamente coa forza de traballo da mocidade, sendo por norma xeral un sinónimo de precariedade laboral e supoñendo na maioría dos casos un obstáculo, cando non un impedimento, á hora de participar na loita sindical.

Coa recente mudanza no goberno español, o PSOE manifestou a súa negativa a derrogar as reformas laborais existentes, totalmente lesivas para a clase traballadora, atentando contra o conxunto da poboación galega, cuns salarios e pensións das máis baixas do estado. Isto co beneplácito das grandes centrais sindicais españolas, unhas centrais sindicais pactistas, que unha vez máis demostran as súas lealdades á patronal e ao conxunto do réxime político español.

Todo isto débese ao interese de que Galiza siga sendo unha colonia interior do Estado español, e á súa vez, nicho de man de obra barata para o aumento da taxa de explotación do conxunto da produción capitalista. Esta situación está amparada por unha Unión Europea que a través da mercantilización imposibilita compaxinar os nosos estudos cun traballo, e por un Estado español que segue os ditados das oligarquías económicas para destruír a negociación colectiva e a acción sindical, únicas salvagardas dos intereses das traballadoras.

1.3. Liñas de traballo

Galiza Nova debe afondar máis na creación de liñas de traballo propias e concretas para dar resposta ás necesidades da mocidade traballadora galega. Para isto é vital dotármonos das ferramentas teóricas e prácticas precisas para chegar dun xeito útil e atractivo ás mozas asalariadas ou autónomas.

Debemos seguir contestando de todos os xeitos posíbeis os abusos da patronal, a acción e propia existencia das ETTs, e calquera acción lesiva contra a mocidade traballadora galega. Para iso, dende Galiza Nova buscaremos levar a cabo máis traballo político a prol de emprego digno para as mozas galegas.

Por último, debemos continuar traballando coa nosa central sindical de referencia, a CIG, alí onde sexa preciso, xa que é a mellor ferramenta para a formación e a acción da que dispoñemos as traballadoras galegas.

1.4. Alternativas políticas

- Esixencia ao goberno do Estado español a derogación das reformas laborais existentes, as cales atentan contra as nosas clases populares.
- Aposta pola creación dun marco de relacións laborais galego, que recoñeza a Galiza como nación e que actúe sobre as nosas realidades específicas, único xeito de camiñar cara ás melloras sociais e laborais en Galiza, fóra das imposicións do Estado central.
- Eliminación das ETTs e de calquera axente privado de intermediación laboral. Este labor recaerá sobre o servizo público de emprego.
- Remuneración das prácticas e dos contratos de formación coma calquera outra actividade laboral.
- Defensa dun SMI dunha contía que permita á mocidade vivir con dignidade, rematando coas situacións que obrigan á mocidade galega a emigrar.

- Demanda dunha xornada laboral de 35 horas semanais como máximo, reducindo a explotación e as xeiras de traballo abusivas. No caso de tratarse de traballos cunha alta esixencia física, a xornada laboral será de 30 horas semanais.
- Creación dun Plan de Emprego Xuvenil que garanta a inserción laboral da mocidade cunha oficina de emprego competente.
- Desenvolvemento de iniciativas para a recuperación das investigadoras que emigraron, para que poidan desenvolver o coñecemento e investigación nos sectores estratéxicos galegos, pulando pola dignificación das investigadoras que traballan no país para que non teñan que emigrar.
- Desenvolvemento de iniciativas propias para o medio rural, afastadas da imaxe máis tradicional e obsoleta e pulando por unha rede intersectorial que culmine en produtos elaborados.

2. Lingua

2.1. Análise da situación

O galego continúa nunha situación de discriminación fronte ao castelán. A día de hoxe atopámonos nunha situación crítica para a nosa lingua, na que continúa a perder falantes sobre todo entre a xente máis nova. Un signo de alarma disto é a crecente porcentaxe de persoas incapaces de desenvolvérense en galego a pesar de telo estudado na escola. O caso máis preocupante é o das cidades, mais esta perda de falantes tamén é visíbel na xente moza das áreas rurais. Aínda que son as vilas máis pequenas do País e as aldeas onde o galego goza dunha maior saúde, si que debemos recoñecer que cada vez as mozas están cada vez máis españolizadas. A situación agrávase en cada xeración pola falta de relevo: un informe da RAG mostra que un 35% da mocidade nacida nos 90 non ten ningún referente lingüístico en galego na familia, e o galego é a lingua só do 21% dos nenos entre 5 e 9 anos.

Hai que engadir tamén o efecto españolizador do actual modelo de ensino, que supón na práctica a substitución lingüística polo castelán de moitos nenos galegofalantes; proceso que se potencia co éxodo rural cara as cidades e coa desaparición de escolas de proximidade como as unitarias.

A lexislación actual non nos beneficia, pois os supostos dereitos que se garanten sobre o papel, ademais de non estar protexidos pola administración, incluso se nos ven negados en múltiples ocasións. Os partidos políticos españois, nomeadamente o PP e o PSOE, non cesan no seu intento de eliminar o galego xunto cos outros trazos culturais diferenciadores. Exemplos desta discriminación hainos a esgalla, destacando o “decretazo” que prohibe expresamente empregar a nosa lingua no ensino para impartir materias coma matemáticas ou física, a práctica imposibilidade de empregala en numerosos trámites administrativos, ou o feito de estar o galego desaparecido nos espazos de ocio masivos: televisión, cine, videoxogos, etc.

2.2. Valoración política

Sabemos ben do valor da lingua por ser este un trazo identitario da nosa nación. Os elementos culturais propios, coma o idioma ou a historia, manteñen a Galiza coma un pobo claramente diferenciado dentro do estado español. Sendo consciente deste feito, o centralismo español loita constantemente pola eliminación destes elementos tan ligados á conciencia nacional. Ademais, mostra a súa faciana máis hipócrita ao declararse publicamente defensor da cultura e a lingua

galegas, cando se mantén o seu uso relegado a un oficialismo baleiro de contido e á folclorización das mesmas.

A isto hai que engadir a reaparición de discursos abertamente ultraespañolistas cara a nosa lingua polo actual nivel de conflito nacional no estado español, destacando a resurrección de Galicia Bilingüe, organización nada a finais do goberno bipartito como ariete contra as políticas de normalización lingüística, que hoxe é o cerne dun movemento estatal coñecido como “*Hablemos Español*”; estes grupos galegóforos, residuais a nivel social, son rescatados e inflados polo poder político e mediático español cando precisan que lles fagan o traballo sucio.

2.3. Liñas de traballo

Dende Galiza Nova debemos ter claro que nos atopamos ante un problema tanto político coma cultural. Cómpre sermos conscientes de que non podemos demorar a nosa acción, e que as conquistas que teñamos a curto prazo, son chanzos importantísimos para a solución deste conflito

Neste sentido, debemos continuar traballando pola plena normalización do idioma, comezando pola nosa propia base de militantes e simpatizantes, pulando por un uso monolingüe do galego e prestando atención a un uso coidado e correcto tanto a nivel individual coma organizativo. A nosa actitude combativa contra a situación de diglosia que vive o noso País terá que ser aínda máis belixerante cando se trate de denunciar o bilingüismo harmónico que promulga a Xunta do Partido Popular. É preciso que os culpábeis da actual situación de substitución do galego polo castelán sexan sinalados.

Nos últimos períodos puidemos asistir ao efecto positivo que tiveron as nosas campañas chamando á mocidade a dar o paso de falar en galego. Cómpre continuar traballando nesta liña, achegándonos aos centros de ensino medio, dándolles motivos a estas mozas para sentírense orgullosas de termos un idioma propio e para falalo en todas as esferas da vida diaria.

O noso traballo non pode ser en solitario. Continuaremos a traballar man con man coa Mesa pola Normalización Lingüística e participando nas mobilizacións convocadas por *Queremos Galego*. O papel de Galiza Nova nos casos de discriminación lingüística e ante as políticas lingüicidas deberá ser activo, sexan estas medidas tomadas a nivel estatal, do goberno da Xunta ou dentro dos concellos. Do mesmo xeito, reafirmamos a necesidade de manter o coñecemento do galego como requisito indispensable para acceder a un posto de traballo na Administración pública para garantir que os nosos dereitos lingüísticos poidan ser respectados.

Afondaremos tamén na realización de campañas fomentando galeguización dos nomes e a restauración dos apelidos, así como a restitución da toponimia deturpada, como mecanismo para lograr unha maior autoestima como pobo.

Do mesmo xeito, cómpre sinalar que a día de hoxe existen varias estratexias de normativización da lingua galega, entre as que destacan a norma ILGA-RAG, actualmente aprobada pola Real Academia Galega, e a norma AGAL, que procura a reintegración do galego no tronco lingüístico galego-portugués. No actual contexto, é positivo sumar esforzos nun binormativismo que de cara á creación dunha norma de consenso, atendendo ás diferentes sensibilidades, e que permita unha normalización plena do idioma.

2.4. Alternativas políticas

- Aposta firme por una maior creación de material cultural en galego, con incentivos á creación e á divulgación, así como da tradución á nosa lingua de obras creadas noutros idiomas.
- Defensa dos medios de comunicación, existentes e por existir, públicos e en galego, de calidade e libres de manipulación. O uso do idioma deberá estenderse tamén á publicidade.
- Maior relación co mundo da lusofonía, defendendo a integración de Galiza nese espazo lingüístico como necesidade estratéxica, favorecendo o intercambio cultural cos países de fala portuguesa e o desenvolvemento de toda a potencialidade da nosa lingua.
- Defensa da posta en práctica da Lei Paz Andrade para promover un maior coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas.
- Incremento da participación nos proxectos de tradución libre en plataformas informáticas.
- Desenvolvemento de campañas de normalización do uso do galego nos servizos informáticos.
- Aposta pola completa inmersión lingüística en galego durante tódalas etapas de estudo.

3. Vivenda

3.1. Análise da situación

O acceso á vivenda é un factor determinante para a emancipación e a independencia da mocidade galega, correspondendo a unha necesidade básica de supervivencia e a un factor de desenvolvemento individual e colectivo. Acceder a unha vivenda é unha das tarefas máis difíciles neste comezo de século; a situación da mocidade galega cunha alta porcentaxe de desemprego e contratos precarios, tanto en temporalidade como en condicións laborais e salariais, son un obstáculo importante para acceder a vivendas, tanto en réxime de alugueiro coma de adquisición propia.

A situación da vivenda en Galiza é preocupante. Por unha banda, atopámonos co fenómeno emerxente no noso País da xentrificación, afectando tanto ás principais cidades de Galiza, coma a outras vilas costeiras, que son un exemplo da especulación inmobiliaria, froito do crecemento desenfreado e sen planificación urbana e turística. O aumento progresivo nestes últimos anos dos prezos de alugueiro ten afastado á mocidade galega de poder acceder a unha vivenda.

Por outra banda, nos últimos 60 anos observamos un abandono alarmante do rural, ligado ao unha importante caída da poboación activa no sector agrario. Este proceso tense producido na maior parte dos países da UE, co agravante de que en Galiza este éxodo tivo lugar nun período de tempo máis curto. A día de hoxe, contamos con case 2000 núcleos de poboación rurais completamente abandonados, mentres o 70% da poboación se concentra nas cidades, áreas metropolitanas e algunhas cabeceiras comarcais.

3.2. Valoración política

Dende Galiza Nova apostamos por que o acceso á vivenda sexa unha realidade para a mocidade e para o conxunto da sociedade galega. Cómpre despregar iniciativas que poñan fin á especulación das entidades bancarias e que penalicen a posesión de vivenda como segunda residencia, residencia vacacional ou vivenda baleira.

Por iso cremos que é vital promover dende as administracións públicas iniciativas políticas que favorezan este acceso á vivenda tanto nas zonas urbanas como no rural.

3.3. Liñas de traballo

No vindeiro período interasemblar Galiza Nova pulará por achegar as propostas políticas que dende o nacionalismo temos para facilitar o acceso á vivenda mediante a realización de campañas específicas destinadas á mocidade. Estas terán un carácter local, comarcal e nacional, adaptando a metodoloxía aos obxectivos concretos de cada campaña ou acción.

Para potenciar os traballos nesta área, constituirase unha Responsabilidade Nacional de Vivenda que será a encargada de deseñar conxuntamente coa Dirección Nacional e a Comisión Permanente as campañas nesta área, así como a elaboración de iniciativas políticas co obxectivo de desprezar accións tanto dende a propia organización xuvenil, coma para o seu traslado ao BNG nos distintos espazos institucionais.

3.4. Alternativas políticas

- Aposta pola independencia da mocidade galega, polo que as propostas para facilitar o acceso á vivenda da mocidade galega e do conxunto da sociedade pasan por crear o Banco Galego de Vivenda, unha institución pública constituída pola Xunta de Galiza en colaboración dos concellos, co obxectivo de administrar e xestionar vivendas baleiras e poñelas en alugueiro.
- Defensa sen ambaxes dunha reforma da lexislación hipotecaria que admita a dación en pagamento retroactiva e como liquidación e condonación total da débeda hipotecaria; e do mesmo xeito, prohibición de desafiuzamentos cando a vivenda sexa destinada a residencia habitual.
- Defensa de limitacións estritas para as plataformas de aloxamento (*AirBnB*, etc...), coa intención de impedir situacións de acaparamento de inmobles baleiros, de barrios enteiros ou a explotación de persoas en dificultades económicas.
- Constitución do Fondo Social da Vivenda como instrumento financeiro público ao servizo do desenvolvemento de políticas de vivenda, tanto en réxime de alugueiro como en réxime de compra, cos colectivos con maiores dificultades de acceso á vivenda como principais beneficiarias. Inclusión das fincas en estado de abandono e sen un proxecto de rehabilitación a curto prazo neste Fondo Social de Vivenda. Por outra parte, dende Galiza Nova consideramos que a Xunta de Galiza e as universidades galegas deberán crear a Bolsa de Vivenda para estudantes, unha ferramenta de acceso á vivenda pública que permita ás estudantes desprazadas das súas localidades acceder a vivendas en réxime de alugueiro a prezos accesíbeis e con condicións de habitabilidade dignas.
- Impulso da rehabilitación de vivendas e espazos degradados tendo en conta o seu elevado número en vilas e cidades, sendo esta outra fórmula de acceso á vivenda para a mocidade.
- Do mesmo xeito, desenvolvemento dunha política activa de fomento de recuperación e conservación de vivendas no medio rural, acompañada de dotación de servizos públicos e de alternativas económicas, que permita un proxecto de vida digno no rural do noso País.

4. Transporte e mobilidade

4.1. Análise da situación

A rede de infraestruturas e liñas de transporte público de Galiza carece de planificación nacional que a faga coherente e axude a vertebrar o conxunto do País. As mozas traballadoras ou estudantes vense na obriga de depender dos vehículos privados para se desprazar na maioría dos casos. Tendo

en conta o aumento das necesidades de mobilidade, tanto no eido laboral como académico, esta carencia convértese nun problema de primeira magnitude que afecta tamén á necesidade de independencia persoal da mocidade.

As liñas ferroviarias son o principal expoñente do caos no que se atopa este servizo público. O estado formulou unha rede de alta velocidade radial e moi custosa, pensada para cubrir as necesidades das elites económicas centradas en Madrid, con billetes máis caros e menos paradas intermedias. Paralelamente desmanteláronse liñas vitais como as das áreas metropolitanas, a do norte (FEVE) e a que nos conecta con Portugal. A intención é deixar morrer as liñas de servizo público e de proximidade, e priorizar as de maior prezo ou, como moito, as que unen grandes cidades.

O transporte por estrada está a vivir unha renovación de concesións que pon en risco as escasas liñas que vertebran amplas zonas do interior da nosa nación. Nas cidades, os servizos caracterízanse en moitos casos pola inoperancia, os altos prezos e a escasa coordinación entre administracións, función reguladora que lle corresponde á Xunta de Galiza.

4.2. Valoración política

A teoría nacionalista defendeu sempre a accesibilidade e vertebración do País como paso necesario para poder conectarnos con outras nacións do noso entorno. A obsoleta infraestrutura dos transportes públicos contrasta co sobredimensionamento das autoestradas (en especial as que conducen á Meseta), cos portos exteriores de Ferrol e da Coruña, ou cun sistema de aeroportos non funcional. Enterráronse miles de millóns en diques e túneles que non son operativos por falta de seriedade á hora de planificalos, mentres que con investimentos moito menores, milleiros de galegas poderían ter unha rede coordinada de buses, tren ou bicicletas, públicos e accesíbeis.

A ausencia case total de servizos nocturnos ou a proliferación do localismo á hora de ofrecer transporte público dende algúns concellos controlados polo españolismo, son consecuencia do escaso interese que o goberno galego ten na materia. Renunciouse a tomar a iniciativa e, por exemplo, non se creou unha empresa pública de camiños de ferro, como si fixeron Euskal Herria e Catalunya.

4.3. Liñas de traballo

A nivel municipal son excepcionais os casos nos que a cuestión da mobilidade se abordou de xeito prioritario e transversal. As campañas locais e comarcais son chave para conectar coa mocidade das nosas localidades, podendo realizarse actos moi diversos en función do conflito: dende os clásicos repartos ata ocupacións de vías de tren, de ser o caso. A escala nacional existe a posibilidade de desenvolver actividade arredor da ausencia de tren pensado por e para as galegas e da estafa das concesións de autobús. En consonancia coas teses sobre ecoloxismo, estudárase a oposición a novas agresións ao noso territorio pola implantación de *megainfraestructuras* pensadas en Madrid.

A nosa defensa da mobilidade sustentábel e racional debe implicar uns hábitos responsábeis nos desprazamentos da militancia. Sempre que sexa posíbel, débese actuar de xeito exemplarizante en canto ao uso de vehículos privados. Cando non haxa outra alternativa de transporte público, nos desprazamentos por motivos organizativos debe tentarse partillar carro. Do mesmo xeito loitaremos pola eliminación das peaxes nas vías de alta capacidade, por ser taxas discriminatorias.

4.4. Alternativas políticas

- Defensa da extensión a toda Galiza dun sistema coordinado e intermodal de transportes colectivos públicos, que minimize a necesidade de uso de vehículos particulares, os cales están vinculados á contaminación e saturación das nosas rúas e estradas.
- Creación dun sistema regular que conecte ámbitos rurais e urbanos e que ofrezca billetes únicos e tarifas económicas para a mocidade. Ao mesmo tempo, todas as comarcas do país deben ter posibilidade real de conectarse mediante unha rede nacional de infraestruturas e transportes pensada en función dos fluxos de desprazamentos de persoas e mercadorías, sen perder de vista a función social destes investimentos, mesmo cando non se tiren beneficios económicos inmediatos. Isto incluíría a creación do Galtren, unha entidade pública que xestione de xeito eficiente e sustentábel os servizos ferroviarios que pasen por Galiza.
- O urbanismo debe estar centrado no benestar das persoas e non supeditado á circulación rodada. Neste sentido a mocidade precisa de espazos de residencia, traballo e de encontro seguros e ben comunicados mediante transporte público, ciclovías ou camiños peonís.
- No contexto das comunicacións cara o exterior, defensa dos intereses específicos da economía galega en oposición ao nocivo modelo radial español. Aposta por unha maior comunicación con Portugal, país ao que estamos vencellados por lazos non só históricos e culturais senón tamén económicos, sendo o Eixo Atlántico unha das grandes megalópoles de Europa e formando o maior continuo metropolitano da península ibérica. Defensa do corredor atlántico como vía de conexión á Europa continental.

5. Ensino

5.1. Ensino Medio

5.1.1. Análise da situación

O ensino medio, xunto co primario, representan as etapas formativas máis importantes do ser humano, nas cales a mocidade galega constrúe a súa personalidade e identidade. Aínda que as competencias en educación están compartidas coa Xunta de Galiza, a construción da identidade nacional do Estado español é un elemento vertebrador do Sistema Educativo, e polo tanto conta co beneplácito e apoio do goberno galego. Tanto as últimas leis educativas (LOGSE, 1990; LOE, 2006; LOMCE, 2013) coma os decretos a nivel galego (D. 105/2014, D. 86/2015) contemplan esa idea no seu corpo.

A LOMCE foi deseñada e aplicada coa comunidade educativa posicionada en contra. Neste senso leváronse a cabo un gran número de mobilizacións esixindo a súa derogación, conseguindo nun primeiro momento a súa paralización, e seguido da eliminación das reválidas, punto que desterraba a avaliación continua impondo unhas probas de nivel ao remate dos distintos ciclos de ensinanza.

Estamos pois, ante un ensino medio onde o galego está relegado ao nivel de lingua estranxeira, onde se multiplicaron os investimentos públicos cara o ensino privado, incluso naquel que segrega por sexo, e cun ensino en Galiza que pouco ou nada ten que ver coa nosa realidade específica como pobo. Isto sumado ao actual auxe do nacionalismo español no conxunto da sociedade, crea unha situación na que as culturas minorizadas nos convertemos en inimigas a destruír.

5.1.2. Valoración política

Os diferentes gobernos no Estado Español, aliados coas oligarquías económicas, ás cales lles son servís, deseñaron un ensino medio destinado a cubrir as necesidades dun mercado laboral que esixe man de obra cualificada tecnicamente e desprovista de pensamento crítico, eliminando tanto

materias importantes na nosa formación, coma competencias transversais que permitan desenvolver calquera conciencia colectiva ou carácter social como clase. Con isto logran debilitar a negociación colectiva e poder obter máis beneficios a costa das traballadoras, e asemade tamén destérrase calquera idea que chame á mocidade a organizarse de para loitar por calquera reivindicación.

Chegamos a esta situación por un dobre motivo. Por un lado, as imposicións políticas no marco estatal en educación diverxen do que a ciencia e as profesionais xa confirmaron, que se debe aproveitar a diversidade das culturas que cohabitan dentro do territorio (e polo tanto, dentro da aula) para mellorar os procesos educativos e potenciar un pobo (cidadanía) crítico que teña poder de decisión real sobre o seu propio futuro. Por outro lado, nos derradeiros presupostos aprobados no Parlamento español, o investimento de PIB en educación non chega ao 5% (4,28%, 2014), cando a meirande parte dos Estados aos que nos queremos parecer neste aspecto invisten o 7,6% (Dinamarca), o 7,1% (Finlandia) ou o 12,8% (Cuba). Ás pedagogías directivas e discriminatorias e á falta de orzamento público hai que engadir a tradición social e institucional que o ensino privado concertado goza no noso territorio, formando parte dese corporativismo educativo caciquil, fraudulento e elitista, que busca formar persoas que acepten e promovan unha idea de nación e cidadáns que nos nega indentitariamente como pobo e cultura ou, que no mellor dos casos, denomínanos rexión. Ademais, este sistema remata por empurrar ao estudantado cara o abandono escolar e no mellor dos casos a estudos cada vez máis denigrados, como é a FP Básica, co fin de incorporar á xuventude ao mercado laboral canto antes e coa menor formación para servir de man de obra barata.

Ademais, neste último curso intentouse levar a cabo un pacto entre distintas forzas políticas españolas (PP, C's, PSOE, Podemos) para facer algún cambio superficial na LOMCE. Malia virse abaixo, copou unha das reivindicacións centrais nas mobilizacións do estudantado debido á unilateralidade da toma de decisións respecto a comunidade educativa galega, amosando unha vez máis que esta non ten voz á hora de decidir sobre o noso ensino e probando novamente a nosa condición como nación asoballada do estado español.

Finalmente, o principal indicador que o Estado español utiliza para medir a calidade deste (Informe PISA), está coordinado e organizado por unha das organizacións que abandeira o capitalismo, a OCDE, poñendo de manifesto unha vez máis como as políticas ditadas desde Madrid e a UE procuran un negocio e non un servizo.

Neste contexto nace unha alternativa desde a propia comunidade educativa, a creación dunha Lei Galega de Educación. O obxectivo desta é lograr un Ensino Galego que se adapte á nosa realidade, que forneza á mocidade de ferramentas coas que poder lograr unha vida plena. Este modelo debe ser polo tanto unha aposta total polo ensino público, que transmita valores radicalmente democráticos e antipatriarcais, co fin de lograr construír unha sociedade do futuro na cal este ensino sexa a peza chave e inicial para liberación de todas as formas de opresión do ser humano.

5.2. Ensino Universitario

5.2.1. Análise da situación

A universidade pública galega atópase sumida nunha situación de incerteza, pois aínda non rematou de adaptarse ao Espazo Europeo de Educación Superior (Plan Boloña). En moitas universidades europeas o modelo polo que se optou foi o 3+2, que implica tres anos de Grao e dous de Mestrado, supoñendo isto un maior investimento para as familias, aínda que polo momento as universidades do Estado español decidiron manter o 4+1. A nivel de contidos o Plan Boloña pretende buscar unha formación moito máis aplicábel á realidade profesional de cada unha das ramas de estudo, isto é, facelas máis prácticas. En

lugar disto, obtívose un sistema que non foi quen de afastar teorías e metodoloxías de corte tradicional, e que nos máis dos casos segue precisando de formación superior (mestrados, posgraos...) para poder exercer profesionalmente (socialmente falando, os mestrados vólvense imprescindíbeis para traballar por exemplo, na empresa privada).

Se nun primeiro momento se sinalaba que o sistema escolar está na busca de pezas para a cadea produtiva, esa máxima rómpese no ensino universitario. Os estudos directamente relacionados cos sectores produtivos ou coa economía de mercado tal e como se coñece hoxe en día manteñen, en certa maneira, a máxima coa que medrou grande parte da sociedade, os estudos universitarios aseguran estabilidade laboral. A realidade do resto de resto de titulacións é moi distinta. O Estado español non ten capacidade de absorción de todas as tituladas que cada ano rematan os seus estudos, pois recórtase o investimento naquelas que non producen beneficios económicos en prol daquelas que si.

Con todo, máis de 10.000 galegas e galegos, con ou sen estudos, menores de 35 anos emigraron ao estranxeiro nos últimos dous anos, o que evidencia as limitacións dunha Xunta de Galicia que non é quen de crear emprego digno e de calidade para a poboación nova, ademais de que tamén supón un obstáculo máis para superar a crise demográfica que vive o noso País na actualidade.

5.2.2. Valoración política

Atopámonos cunha universidade que sofre os efectos dos ataques ao ensino público, pois a venda e privatización de espazos foi unha realidade á que tivemos que asistir en determinadas ocasións. Mais non unicamente a inxerencia de intereses privados é a que leva a degradación da universidade pública, pois os efectos da españolización da xuventude tamén se ven ao comprobar que a utilización do galego como lingua dos traballos académicos descende ano tras ano, en sintonía coa perda de galegofalantes.

As políticas do Partido Popular na Xunta son as grandes responsábeis directas desta situación. Mais no intento de igualar o noso sistema educativo co da unión Europea, baixo o pretexto dun “marco de convivencia”, escóndese un continuo proceso de degradación do ensino público, dirixido dende bancos, empresas multinacionais e gobernos subordinados aos intereses do mercado. Na práctica este marco de igualdade non é real, pois non existe semellanza de contidos e nalgúns casos nin de titulación, ademais de partir da base de que á hora de buscar traballo pode pesar máis o suposto prestixio e reputación do centro de estudos que os estudos en si.

Estes ataques por parte das diversas formas que atopa o capital para desarticular o ensino público teñen unha repercusión directa e clara, non só nas condicións materiais específicas da mocidade - presión económica na hora de acceder a unha formación-; senón tamén nun enfoque non formativo e para nada enriquecedor, que apenas busca preparar ás estudantes para o acceso a un mercado laboral onde as regras de xogo son claras: prepararse para competir e acceder a un posto de traballo precario e só beneficioso para os centros de acumulación de poder económico; isto é, un ensino pensado para o beneficio empresarial e que non fomenta a cooperación e as relacións humanas, coas súas respectivas consecuencias para as organizacións sindicais e as súas funcións.

Por outra banda, carecemos dun ensino específico e axustado á nosa realidade, o que repercute nunha escasa conciencia nacional entre a mocidade. Nas aulas ignórase a nosa historia e as formas de expresión culturais do noso pobo. Reflexo disto son a progresiva desaparición do galego, o descoñecemento e desleixo polas figuras referenciais ligadas a Galiza en calquera campo de estudo, ou o tratamento de calquera materia dende unha óptica puramente imperialista.

5.2.3. Liñas de traballo

Neste período debemos intensificar o noso traballo no ensino cunha periodicidade maior do noso voceiro Lume ofrecendo alternativas políticas ao estudantado do ensino medio. No referente ao ensino superior, debemos aumentar a nosa presenza nas facultades á hora de realizar actividade pública.

Ademais disto é moi importante seguir traballando tanto en colaboración coa CIG-Ensino coma no seo da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público en todos os conflitos que involucren a mocidade e o conxunto do estudantado galego.

5.2.3.1 Militancia de Galiza Nova no movemento estudantil

No referente ao ensino, do mesmo xeito que ocorre con temáticas coma a LGBT ou a feminista, non só debemos facer traballo de Galiza Nova en relación ás problemáticas do estudantado galego, senón que, na liña histórica do nacionalismo galego, debemos reforzar a autoorganización do noso pobo en todos os seus sectores. Nese sentido cómpre facer algunhas reflexións:

1. Como militantes nacionalistas debemos pular por un movemento estudantil que xere ritmos mobilizadores propios, centrados no País.
2. Debemos tratar de ser próximas aos problemas do estudantado, sendo útiles e aportando á busca de solucións satisfactorias para as estudantes en calquera conflito.
3. A nosa acción debe servir para espallar o ideario nacionalista, sumando ás estudantes á loita pola liberación social e nacional do noso País.
4. As estudantes organizadas en Galiza Nova debemos ter como obxectivo, axudar a construír un movemento estudantil democrático, aberto e que respecte a diversidade. Isto ten a súa expresión orgánica en *Erguer. Estudantes da Galiza*, a nosa organización estudantil de referencia dende a súa creación no ano 2016.

5.3 Formación Profesional

5.3.1 Análise de situación

Nestes últimos anos asistimos a varias modificacións do sistema de FP como son a creación da FP Básica e da FP Dual. Tamén influíron directamente outras mudanzas que incluía a LOMCE para o ensino medio como o desmantelamento do Programa de Diversificación Curricular e a retirada dos PCPI e a ameaza das reválidas en 4º da ESO. A percepción global respecto á Formación Profesional segue sendo a de alternativa para os que non queren estudar no canto de seren estudos para a creación de profesionais formados e cualificados, situación que se acentúa moito máis no caso da FP de grao medio e básico.

Actualmente unha boa parte do estudantado vese forzado a desprazarse ás cidades a cursar estudos de FP dado o desmantelamento de moitos centros das vilas máis rurais, co consecuente gasto en alugueiros ou en combustíbel, xa que as conexións por servizos públicos en moitos casos son totalmente inexistentes.

5.3.2. Valoración Política

Nestes últimos anos asistimos ao igual que pasou no ensino universitario a unha degradación continua dos estudos que prexudica ás clases populares que teñen unha maior necesidade de incorporarse ao mercado laboral e ao mesmo tempo máis dificultades para acceder a estudos superiores.

A creación da FP Básica xunto co desmantelamento dos Programas de Diversificación Curricular denota as intencións da LOMCE, impedirle a unha parte do alumnado da ESO cursar FP de grao medio de forma directa, forzalo ao abandono escolar ou a cursar estudos con baixa cualificación. É unha medida clasista,

pois é o alumnado das clases populares o que ten máis dificultades para obter maiores titulacións se o currículo escolar abarca tantos anos e non hai axuda nin escolar nin económica por parte do sistema educativo.

Por outra banda comprobamos como a FP Dual serve para fornecer ao capital de man de obra barata aproveitándose do alumnado con máis necesidades económicas para estudar en réxime presencial, ou enganando ao alumnado vendendo unha mellor formación cando na práctica esta queda de lado en detrimento de moitas horas de traballo de baixa cualificación.

Os centros actúan por interese, ofertando ou deixando de ofertar títulos segundo a demanda chegando a cancelarse comezando o curso titulacións ofertadas previamente. A Xunta de Galiza carece dunha política para a mellora modernización da Formación Profesional nin da súa vinculación cos intereses nacionais. O PP mostra un desinterese total e só aproveita determinados momentos para facer campaña, ben sexa coa creación de títulos a demanda do capital ou para facer inversións, inútiles para o alumnado, que benefician aos seus.

5.3.3 Liñas de traballo

Resulta moi difícil facer política estudantil de forma análoga a como se fai tanto no ensino medio como universidade. Grupos máis pequenos, disparidade de idades, compaxinación con actividade laboral... Polo tanto debe ser un traballo do próximo período aumentar os esforzos en buscar novas fórmulas que acheguen ao estudantado da FP cara o nacionalismo, ben sexa cara o movemento estudantil como para nun futuro próximo no sindicalismo nacionalista representado pola CIG.

5.4. Alternativas políticas.

- Defensa firme dun ensino público, e polo tanto gratuíto e non mercantilizado; universal, permitindo a todo o mundo acceder a el; feminista, permitindo a educación en igualdade; laico, mantendo lonxe das aulas dogmas relixiosos; e galego, o que implica non só o fomento e uso da nosa lingua, senón tamén que permita o coñecemento da realidade conxunta que conforma o noso País.
- Promoción da mobilización constante como mostra do noso rexeitamento ás medidas privatizadoras e españolizadoras que a Xunta, o Estado e o capitalismo intentan impoñer.
- Aposta por unha Lei Galega de Educación, realizada por e para o estudantado, o corpo de docentes e as familias galegas, unha Lei propia que se adapte á nosa realidade social, cultural e económica, e que vele polo noso idioma.
- Rexeitamento do clasismo que radica na diferenciación da valoración dunha persoa polos seus títulos académicos e pularemos pola erradicación da mesma

6. Ecoloxismo

6.1. Análise da Situación

A situación actual do medio ambiente a nivel global é crítica, pola conxunción de diferentes cambios que interactúan e se retroalimentan. O aumento incontrolado do consumo, propiciado por un sistema económico voraz que precisa deste consumismo para manterse funcional, provoca un uso dos recursos naturais insoportable para o medio. Este uso desproporcionado dos recursos naturais ven a súa vez

acompañado da xeración masiva de residuos, mais esaxerado se cabe, no caso dos produtos deseñados para un so uso.

A globalización do mercados provoca que bens producidos noutras puntas do mundo sexan transportados e consumidos aquí, dándose o paradoxo de que produtos provenientes de areas afastadas acaden prezos mínimos, cos cales os produtores locais malamente poden competir aínda tendo que seren transportados miles de quilómetros. O gasto enerxético que supón este transporte de bens dende outros puntos do planeta ata aquí, sabendo que tamén son producidos en Galiza, non só é absurdo, senón que ten un impacto negativo tanto no medio ambiente global (emisións de gases de efecto invernadoiro no transporte, embalaxes, consumo de combustibles, etc.), no das localidades onde as grandes multinacionais os fabrican (vertidos incontrolados en ríos, mares e atmosfera), coma no noso medioambiente. En moitas ocasións estes transportes veñen acompañados de especies alóctonas, que asentán no noso territorio exercendo un impacto negativo no medio, como acontece actualmente no caso da avespa velutina, pero sen esquecernos do nemátodo do piñeiro, o picudo vermello, o cangrexo americano, o visón americano, etc. A isto hai que engadir os riscos que supón o transporte marítimo, o mais empregado nas nosas costas: non nos esquecemos do acontecido co *Mar Egeo* ou o *Prestige*. Os agravios medioambientais existentes hoxe en día en Galiza son resultado do único interese que as multinacionais teñen polo territorio galego: o saqueo dos nosos recursos. Os resultados máis alarmantes disto son o espolio dos recursos mineiros e enerxéticos, a eucaliptización do País, as elevadas taxas de contaminación atmosférica e hídrica, a erosión dos solos ou os incendios forestais, provocados pola estado de colonización o que estamos sometidos polo Estado Español e pola Unión Europea.

A esta situación hai que engadir a problemática global que supón o cambio climático. O deterioro do medio natural e o actual modelo de produción e consumo teñen un impacto directo nos indicadores que miden os cambios no clima. A Transición Enerxética cara a outro modelo máis sostíbel sen, polo menos, combustíbeis fósiles, semella cada vez máis afastado por mor das políticas dos partidos subordinados aos intereses das grandes empresas enerxéticas e petrolíferas.

6.2. Valoración política

Mostra da situación colonial que Galiza padece é, por exemplo, o feito de que Galiza sexa a primeira produtora estatal de eucalipto. Esta especie, cultivada sen control, é na práctica unha invasora que ocupa actualmente máis de 500.000 ha, o cal supón un 17% do territorio galego. Este avance prodúcese en detrimento do solo agrario, do cal se perderon arredor de 290.000 ha nos últimos 30 anos. Esta situación, unida á desregularización do sector da biomasa ou á falta de apoio ao desenvolvemento comercial das especies autóctonas, crea un contexto de debilidade para o sector forestal galego, que cae en mans das multinacionais do *agrobusiness*.

A eucaliptización de Galiza é promovida por ENCE e outras compañías madeireiras a través da Xunta de Galiza e o seu premeditado desgobierno na política forestal. A situación viuse acrecentada co éxodo do rural que provocou que moitas persoas deixasen de traballar o medio natural ao mesmo tempo que cubrían todos os seus terreos de eucaliptos, para sacar rendemento co mínimo traballo favorecendo así as vagas de incendios forestais e perdas irremediábeis de solos, masas forestais autóctonas e biodiversidade. Outro exemplo da nefasta política ambiental da Xunta é o avance descontrolado da avespa velutina, que xa pasou de ser un problema para o medio e a apicultura a ser unha problemática de seguranza cidadá, ao igual que os lumes.

A respecto da contaminación, o informe emitido polo Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes sinala a Galiza como a segunda zona máis contaminada da Península Ibérica, estando

nos primeiros postos de emisións de mercurio, CO₂, SO₂, gases de efecto invernadoiro e outras substancias acidificantes, debido a empresas que pagan os seus impostos na capital española.

O noso sector enerxético, mineiro e industrial está totalmente enfocado ao lucro especulativo español e internacional. Atopamos gran parte dos ríos empresados e os montes cheos de aeroxeradores, producimos ata un 40% de excedente en enerxía eléctrica pero pagamos máis ca noutros lugares do Estado que non producen. O cancro de SOGAMA continúa coa súa teima de estenderse por todo o País. A medida que vai mingando a capacidade da planta de Cerceda, son máis as localizacións nas que se pretende soterrar e queimar toneladas e toneladas de lixo, sen ter en conta os efectos que esta forma de tratar os refugallo ten sobre os ecosistemas galegos. Do mesmo xeito, Galiza segue a ser a diana de proxectos disparatados como son o caso da Mina de Touro - O Pino ou os parques eólicos da Costa da Morte, proxectos que se atoparon cunha forte oposición social, pero que o servil goberno autonómico facilitou de xeito humillante mediante a Lei de Depredación.

Segundo a propia Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta, en Galiza contamos xa con 8 con especies extintas e outras 65 en risco de extinción. A situación empeorará mentres non se apliquen medidas que freen as agresións ao medio e restauren os hábitats danados. A teima da Xunta de Galiza en non declarar parques naturais tan necesarios como os do Monte Pindo e dos Ancares-Courel só conducirá a un agravamento progresivo desta situación.

Ademais, nun sistema no que se fomenta a acción individual de separar para reciclar, usar o transporte público, reducir o consumo de plásticos, etc., non se atalla o fondo da cuestión no tocante á protección e conservación do medio ambiente e un desenvolvemento sustentable da produción e a industria. Non cabe dúbida de que o consumidor a título individual pode contribuír á redución da emisión de gases e á reciclaxe, así como outras accións que reducen o dano ao medio ambiente. Porén, debemos ter presente que, sen subestimar as accións individuais, o mesmo sistema que nos pasa constantemente propaganda contra a contaminación e a aceleración do cambio climático, tamén mantén e promociona as grandes empresas que son as que emiten a maior parte de gases tóxicos, residuos e, en definitiva, son as que máis prexudican o noso medio ambiente coa súa actividade practicamente sen límites e regulamentación, onde un dos casos paradigmáticos sería o de ENCE na ría de Pontevedra.

Cabe destacar aquí a expansión das especies exóticas invasoras, considerado xunto co cambio climático un dos maiores retos ambientais aos que se enfronta a humanidade. En Galiza, existen cando menos 200 especies invasoras recoñecidas pola administración, e a maioría delas espallaranse dramaticamente, de seguir a tendencia actual, se non se comezan a tomar medidas coordinadas pola administración galega. A perda de biodiversidade e os efectos económicos nas producións agrarias son os dous efectos máis visíbeis dun fenómeno que debe ser recoñecido na súa magnitude.

En definitiva, Galiza é un territorio colonizado, degradado e espoliado ao servizo do grande capital. A falta de medidas de ordenación do territorio, pensadas dende aquí, que equilibren desenvolvemento e sustentabilidade, supón un dano imperdoábel ao noso medio natural e, polo tanto, un condicionamento do futuro da mocidade en Galiza.

6.3. Liñas de traballo

O ecoloxismo debe formar parte do discurso transversal de Galiza Nova e do nacionalismo. É prioritario defender con claridade a necesidade de facer fronte ás agresións ao noso medio, e non

caer no lema baleiro do crecemento económico como fin. A defensa dun modelo ambientalmente xusto é a mellor garantía de desenvolvemento e dunha mellora nas condicións de vida da clase traballadora galega.

Neste período debemos pular pola creación de hábitos de traballo en colaboración con ADEGA, a Organización Galega de Comunidades de Montes, FRUGA, e outras asociacións, organizacións e plataformas que defenden un desenvolvemento sustentábel e a conservación do medio galego, tanto na publicación de posicionamentos como na propia participación da militancia de Galiza Nova nestes colectivos.

Aínda sendo conscientes de que o silencio mediático do nacionalismos obriga en moitas ocasións a redobrar esforzos no uso da cartelería e nos repartos, tenderemos a executar as campañas que requiran uso do soporte papel con racionalidade e xustificando con obxectividade as dimensións das tiraxes que realice. Prestarase atención á xestión doutros residuos que xera a actividade diaria da nosa organización.

Constatada a necesidade de afondar no coñecemento do noso territorio, buscaremos incluír actividades sobre o medio natural no traballo e nas xornadas nacionais de formación (roteiros, debates...) que lle permitan á militancia e ás simpatizantes coñecer mellor o País e os problemas que lle afectan.

Sendo conscientes de que os conflitos ambientais son xerados fundamentalmente polo modelo de produción capitalista, procuraremos realizar actividades dirixidas a concienciar á mocidade galega de que a única solución a longo prazo é rachar con este sistema. O noso discurso defende abandonar o paradigma do crecemento económico infinito e os círculos de acumulación de riqueza asociados a el. É por iso que somos conscientes de que a ferramenta máis eficaz que temos é a de potenciar o comercio local, reducindo o consumo de bens importados por multinacionais que non respectan nin o medioambiente nin os dereitos humanos.

6.4. Alternativas políticas

- Xestión dos nosos propios recursos de xeito eficiente e sen prexudicar o medio, mediante a adopción do modelo económico conducente a un futuro sen enerxías fósiles. Esta afirmación afecta tamén á promoción activa dos medios de transportes colectivos, do uso da bicicleta e de mellorar a mobilidade peonil das localidades.
- Investimento nunha maior prevención de incendios forestais, contando cun pacto de País para a ordenación forestal e usos do monte galego, que inclúa a expulsión de ENCE da ría de Pontevedra e acadar así, finalmente, a deseucalptización de Galiza. O voluntariado ambiental ten neste apartado un gran potencial á hora de visibilizar que a mocidade nacionalista é a máis activa á hora de defender os nosos bosques.
- Defensa da ampliación dos espazos protexidos como vía de protección activa do medio natural. O patrimonio natural e paisaxístico é parte da nosa identidade e o único xeito viábel de non perdelo é creando as ferramentas de xestión adecuadas no marco dunha ordenación do territorio responsábel. Neste sentido Galiza Nova seguirá participando activamente dos movementos e plataformas que defenden crear novos parques naturais, mellorar os existentes ou preservar paraxes naturais de interese que se atopan ameazadas.

- Aposta por un modelo de xestión de residuos baseado nos 3 R's e no impulso da compostaxe, e que supere o modelo de SOGAMA por ineficaz, esgotado e contaminante, con estratexias como o punto de incineración cero ou un Plan Galego de Compostaxe, como única vía de garantir o futuro da mocidade en Galiza.
- Defensa do respecto e o benestar animal, cunha aposta polas modificacións legais necesarias para que se prohíba a realización de touradas e outros espectáculos con animais. Pularase por garantir uns dereitos mínimos, para evitar situacións anómalas como a caza indiscriminada ou o uso de animais de compañía como mercadoría.
- Apostar por un modelo de Soberanía alimentaria para Galiza, pulando pola capacidade do noso propio pobo para definir as súas propias políticas agrarias e alimentarias seguindo obxectivos de desenvolvemento sostíbel e seguridade alimentaria. Implicando unha restauración ambiental integral de todo o noso medio natural, resucitando o noso medio rural e modernizando e diversificando tódolos sectores agroforestais e pesqueiros, en base ao I+D e a produción e comercio ecolóxicos, locais e de proximidade.
- Establecer axudas públicas para produtores agrarios, especialmente para os produtores que se decidan traballar en réxime de cooperativa e pequenos produtores artesáns ou ecolóxicos. Axudas para recuperación de parcelas agrarias abandonadas ou para comunidades de montes con liñas de diversificación produtiva do noso monte.
- Vinculación de todo gasto en alimentación da administración pública (comedores escolares e universitarios, hospitais, residencias, etc.) con pequenos e medianos produtores agrarios artesáns ou ecolóxicos. Esta medida permitiría usar o propio gasto público para crear postos de traballo e reactivar a nosa economía e o noso agro, mellorar notablemente a saúde e benestar do noso pobo, potenciar unha recuperación seria do noso rural dun xeito sostíbel e imbricado coa recuperación do noso medio natural.
- Promoción e apoio do sector agrario, con alternativas sustentábeis que axuden a potencialo e diversificalo.
- Aposta pola promoción do Banco de Terras xunto con iniciativas de aproveitamento multifuncional do monte coa finalidade de axudar a contraer as plantacións de eucaliptos ao tempo que se saca máis proveito do terreo e se coida o medio.
- Investimento nunha maior prevención do espallamento de especies invasoras, contando cun pacto nacional para a prohibición total de importación e exportación de especies exóticas vivas ou sementes, e maior investimento específico tanto na investigación de especies invasoras como nos traballos de control das mesmas. O voluntariado ambiental (xornadas de deseucaliptización, control da avespa velutina, etc.) ten neste apartado un gran potencial á hora de visibilizar que a mocidade nacionalista é da parte máis consciente e activa á hora de defender a nosa natureza nesta materia.

7. Cultura

7.1. Análise da situación

A cultura é a expresión máis visíbel da nosa identidade e de como percibimos o mundo. Comprende todo o patrimonio inmaterial que o pobo galego produce e produciu ao longo da súa historia, e sen ela sería difícil identificarnos como pobo. Asistimos ao feito de que boa parte da mocidade galega vive de costas á súa cultura, ben por descoñecemento, ben por un desprezo deliberado procedente do

autoodio. Ao proceso de asimilación cultural secular ao que está sometida Galiza por parte do proxecto cultural español hai que engadir o fenómeno mundial da globalización. O capital provoca unha tendencia á uniformidade nas pautas de comportamento da poboación mundial, inoculando o desprezo ás identidades e á diversidade cultural. Imponse esta cultura de desprezo en prol do individualismo e de intereses particulares, inserida na modernidade líquida e lonxe dunha tradición e identidade histórica. Estes dous vectores, españolizador e globalizador, unidos á complicidade dos gobernos autonómicos do PP, que actúan realmente como axentes destes, debuxan unha sociedade galega futura onde os nosos trazos culturais propios corren perigo de converterse en apenas folclore.

A nosa tradición, na que podemos incluír a tradición oral, a música tradicional, as festas populares, os nosos costumes en canto ás formas tradicionais de ocupar o territorio, de organización social, etc.; vese desprazada pola implantación das novas formas de cultura que o capitalismo moderno trae consigo. A mocidade actual pertencemos ás primeiras xeracións onde se rompe a transmisión xeracional da cultura que durante séculos operara ininterrompidamente. Isto prodúcese debido a que o proceso de urbanización e deterioro do rural é máis intenso ca nunca e, sumado ás novas formas de comunicación onde internet ten un papel principal, permite que a mocidade constrúa a súa cultura desarraigada do seu substrato nacional e histórico. Este proceso que afecta á meirande parte dos pobos do mundo vese acentuado no noso País por carecermos dos mecanismos necesarios para integrarnos axeitadamente na nova cultura mundial, mecanismos que si posúen as nacións con estado propio. Lonxe de ser un efecto inofensivo, esta perda de cultura propia é extremadamente empobrecedora para o País en eidos moi diversos. A análise que facemos dende Galiza Nova lévanos a loitar pola defensa deste patrimonio e a consecución dun Estado propio que nos permita a súa xestión eficaz.

7.2. Historia e memoria

A nosa Historia é un dos principais elementos da nosa construción nacional, ao igual que da práctica totalidade das nacións do mundo. Coñecedor disto, o sistema español invisibiliza e manipula a nosa Historia en favor do relato histórico español, partindo da base de que España é unha nación con continuidade no tempo dende hai séculos, algo que foi declarado falso pola historiografía.

No ensino obrigatorio invisibilízase a historia do Reino de Galiza, deixando nun plano marxinal referencias históricas tan importantes coma que no noso territorio se constituíu o Reino Suevo de Galiza, o primeiro reino medieval de Europa, ou que se deu a única revolta tardomedieval que chegou a triunfar fronte a nobreza, os Irmandiños. Ademais importantísimos referentes para o pobo galego coma Rosalía de Castro ou Daniel Castelao son sistematicamente manipulados invisibilizando as súas vertentes políticas, retratando a Rosalía coma unha “poeta chorona” e a Castelao coma un “caricaturista”.

A memoria histórica e a reparación das vítimas da ditadura franquista é unha das cuestións máis relevantes nas cales o estado español se mostra como herdeiro directo do réxime ditatorial. Chaman a atención os casos de Alexandre Bóveda, fusilado tras unha farsa de xuízo, e de Moncho Reboiras, asasinado directamente pola policía española; dous mártires que loitaron pola liberdade que aínda non foron recoñecidos como vítimas do franquismo. En canto á memoria histórica recente, a Xunta de Galiza co PP á fronte, vén anulando progresivamente moitas das propostas impulsadas dende a base social e dende as institucións, operando en contra do pobo galego, chegando a se mostrar en moitos casos co bando fascista e negando que houbera unha represión chea de asasinatos. Non existen espazos públicos para a memoria da represión e da resistencia, e fica sen esclarecer a realidade do noso País e de quen loitou por el. Négase o recoñecemento e a memoria das vítimas e das familias, especialmente ás mulleres, quen sufrimos dobre invisibilización por sermos galegas e mulleres. Os recoñecementos das vítimas do fascismo son case exclusivamente para os homes, mentres que as mulleres ficamos nun

segundo plano: as mulleres tamén participamos na resistencia. Dende Galiza Nova reivindicamos que a nosa historia sexa tratada con rigor e que se fomente o seu coñecemento entre a mocidade.

7.3. Medios de comunicación

Os medios de comunicación de masas aos que temos acceso en Galiza funcionan na práctica como ferramentas do sistema para manter a súa hexemonía ideolóxica. Entre eles podemos distinguir dous grupos. Por un lado están os medios asentados no país que, aínda a pesar de ser na teoría independentes, funcionan a través dunha lóxica colonial que os leva a mostrar unha realidade distorsionada do noso pobo, exhibindo unha imaxe tópica e folclórica do mesmo e ocultando a súa diversidade e pluralidade no aspecto social, cultural e político. Polo outro están os medios propiamente españois, pertencentes a conglomerados mediáticos asentados en Madrid baixo capital transaccional: estes medios, aínda tendo os intereses económicos dos seus accionistas como principal prioridade, exercen unha importante labor reforzando un marco mental español e xustificando un determinado modelo de estado, no que Galiza directamente non existe fóra dos ocasionais estereotipos.

A lingua galega está practicamente desaparecida nos medios de comunicación masivos, quedando relegada na práctica á televisión pública galega por unha cuestión de imperativo legal, e nin sequera nesta podemos atopar un uso monolingüe do noso idioma. Non existe prensa escrita en galego, sendo preciso acudir aos xornais dixitais para informarnos na nosa lingua. A Xunta exerce tamén o seu control non só a través da secuestrada televisión pública, senón tamén mediante as partidas de normalización lingüística, que emprega para subvencionar xornais ultraconservadores que exercen de altofalantes do discurso do partido gobernante.

A CRTVG é unha ferramenta cun potencial enorme de dinamización da cultura. Tanto as canles de televisión como as de radio van caendo máis e máis no desprestixio por culpa da manipulación e do férreo control que exerce o PP sobre eles. Os gobernos de Feijóo manteñen unha aposta decidida en deturpar a nosa cultura e proba de iso é a promoción de programas nos que abundan os tópicos, banálizase a deturpación da lingua e se exalta un folclorismo que nada ten que ver coa nosa realidade nacional. Todo isto ao mesmo tempo que programas que xogaron un gran papel na normalización lingüística como o *Xabarín* fican desactualizados e na segunda canle e outros na radio coma *O Diario Cultural* viron modificado totalmente o formato e outros directamente foron eliminados como *Planeta Furancho*. Tamén é destacábel a escasa vinculación dos medios públicos coa lusofonía a pesar dos compromisos adquiridos de avanzar neste sentido, non estando aínda normalizada a recepción da RTP nos fogares galegos, e forzando sempre a maior exotización posíbel dos contidos de orixe portuguesa.

7.4. Tecnoloxía libre

Dende unha perspectiva nacionalista, adoptar unha postura de indiferenza con respecto á cuestión das licencias privativas (en materia de software e hardware) é unha contradición, xa que a adopción de programas de código pechado implica renunciar á soberanía tecnolóxica e computacional, xerando unha relación de dependencia con respecto a empresas estranxeiras e subordinando os intereses do noso pobo aos intereses particulares do capital privado. O uso de ferramentas pechadas supón cederlle ás empresas o dereito a decidir a forma de controlar a nosa información, como se procesa e almacena; e deixar a vía aberta para alterar o funcionamento dos nosos programas de forma totalmente opaca para nós, coas implicacións que isto ten en materia de seguridade e privacidade, cuestión moi problemática na actual sociedade da información.

Nos últimos anos comprobouse como a falta de control sobre a nosa información chegou a ter un impacto decisivo incluso na vida política internacional, vendo como a extracción de información das

redes sociais corporativas e o uso de *Big Data* para xerar grupos e perfís de usuarios foron ferramentas empregadas para manipular a opinión pública en distintos procesos electorais, favorecendo polo xeral os intereses do gran capital; a isto hai que sumarlle tamén a censura selectiva dos usuarios, eliminando o discurso que poida resultar perigoso ao sistema e mantendo unha actitude de tolerancia co discurso da extrema dereita.

A maiores tamén é preciso destacar o impacto das licencias libres na cuestión lingüística. Nunha situación de nación sen estado como é a nosa, sen ferramentas políticas que nos permitan esixir a tradución á nosa lingua das ferramentas tecnolóxicas, as licencias libres foron cruciais para a comunidade galegofalante na rede pola liberdade que ofrecen á hora de adaptar e traducir o software á nosa lingua, sendo así que practicamente todos os programas de código aberto con éxito comercial contan cunha versión en galego, por norma xeral traducida de forma cooperativa pola nosa comunidade.

7.5. Literatura, arte e música

No que atinxe á produción cultural galega actual atopamos a música, o cine e a literatura como as formas máis próximas á mocidade. Neste eido cómpre salientar un fenómeno ben descritivo da situación da nosa cultura. Pese ao complicado escenario que, como estamos a debullar, sofre a cultura galega, acontece que artisticamente somos un país prolífico. Observamos que nos últimos 20 anos, precisamente durante os momentos máis intensos da nosa asimilación cultural, a produción musical en lingua galega e a aparición de eventos que lle dan soporte é máis alta ca nunca. En canto ao audiovisual prodúcese relativamente máis longametraxes e series en galego, aínda que segue a ser materia pendente a dobraxe ao galego de producións estranxeiras actuais, así como impulsar a creación de contados en galego para as plataformas de vídeo existentes na rede. E de maneira semellante, na literatura, malia diminuír a lectura en galego e o número de libros editados, escríbese máis ca nunca. Este desequilibrio entre artistas e produtores de cultura e o seu escaso consumo e impacto nos medios enténdese pola falta dun tecido cultural industrial á altura. Debido á nosa dependencia carecemos dos mecanismos necesarios para dar status e profesionalizar o sector co fin de que a meirande parte do público coñeza e consuma a súa propia cultura. Por outra banda obsérvase desde o fin do bipartito un descenso de actividade por falta de recursos en formacións musicais-culturais con contido propio do país, con especial atención as bandas de música populares, que foron sendo substituídas en gran medida nos eventos festivos por outro tipo de formacións cunha nula oferta de música galega. Isto é moi relevante debido ao importante papel que fan na formación musical dunha moi salientable parte da mocidade galega. O feito de sermos tan ricos en canto á produción cultural evidencia a nosa existencia como pobo e a nosa determinación por seguir existindo, porén, relegados a unha posición de contracultura e de resistencia fronte á asimilación. Por iso dende Galiza Nova defenderemos e fomentaremos a produción cultural galega mais conscientes de que só dende o poder real a nosa cultura poderá conquistar a dignidade que merece.

7.6. Deportes

A unificación cultural e a globalización tamén afecta no ámbito dos deportes, de tal xeito que son poucos os deportes que levan a hexemonía, mentres que os deportes e actividades lúdicas e populares de Galiza van desaparecendo. Ademais, este é un ámbito potencialmente machista onde as mulleres ficamos nunha segunda posición, infravaloradas, con grandes diferenzas salariais, tendo menos recursos para a práctica deportiva, con moita menos repercusión nos medios audiovisuais, e onde se separan os xéneros na gran maioría dos casos.

O deporte como ferramenta cultural serve de vehículo para os valores neoliberais: o individualismo, a competitividade a calquera prezo, o diñeiro como único valor; e crea personaxes referentes para as masas baseados nestes principios. Estes valores instálanse moi cedo entre o deporte base e intoxican o que debería ser unha actividade sa, lúdica e formativa noutros valores.

7.7. Turismo

Viaxar e coñecer o mundo é unha actividade humana moi enriquecedora e moitas veces a única maneira de fuxir brevemente dunha rutina cada vez máis instalada na precariedade. Porén, o actual modelo de turismo non é unha excepción na depredación á que o actual capitalismo neoliberal somete a todos os ámbitos da vida. O simple feito de cuestionar este modelo é pretexto para acusacións de “turismofobia”, un concepto inventado para desvirtuar o debate, mais o certo é que esta actividade está a causar danos a un nivel moi profundo na nosa sociedade: a transformación do tecido produtivo e do mundo do traballo para adaptarse ao turismo, alteración dos usos do noso territorio e a destrución do medio, a xentrificación e masificación das cidades, a conversión da nosa xeografía e o noso patrimonio en simples atraccións turísticas, etc. Este modelo de turismo salvaxe ten como obxectivo o lucro, un modelo máis para o enriquecemento dunha elite, amosando unha Galiza folclórica e lonxe da realidade, cuns destinos saturados que tenden á homoxeneización onde as urbes prestan os mesmos servizos sexa en Abu Dhabi, Eivissa, Sanxenxo ou Vigo, eliminando todo trazo diferenciado e cultural.

A beleza de viaxar consiste en coñecer outras realidades, culturas e pobos e vivir experiencias únicas e Galiza ten moito que ofrecer neste sentido. O noso País pasou de ser relativamente descoñecido para a industria do turismo e ser intensamente explotado. O actual modelo de turismo transforma de tal xeito os nosos elementos potencialmente turísticos que os desvirtúa. Temos como exemplos a masificación de parques naturais como o das Illas Cíes ou a conversión dos cascos históricos das cidades en parques temáticos.

Dende Galiza Nova apostamos por que o turismo, coma calquera outra actividade económica, sexa sustentábel, por unha banda, para a poboación local e o seu soporte físico, e por outra banda, para a súa propia supervivencia como fonte de riqueza.

7.8. Liñas de traballo

Procuramos unha acción na cultura nacional e popular galega que parta do pobo e estea ao servizo pobo, non do capital. Demandamos unha cultura propia, enmarcada na diversidade internacional. O papel da mocidade galega debe ser proactivo, na defensa, recuperación e proliferación da cultura galega. A cultura é unha ferramenta imprescindible na construción da conciencia nacional, polo que cómpre deseñar un horizonte de futuro ao que queremos chegar, dende a formación e investigación cultural, até a promoción e a profesionalidade cultural, respectando sempre o patrimonio e a memoria histórica.

Por iso, debemos traballar no tecido asociativo e sociocultural, implicándonos nos proxectos comunitarios a través da cooperación dos diferentes axentes culturais existentes no territorio.

7.9. Alternativas políticas

- Creación de espazos de comunicación e promoción, que difundan unha cultura viva, dinámica e propia até convertela en referencial para o conxunto da mocidade galega.
- Posta en valor do patrimonio cultural, dende unha óptica transversal, en prol dunha sustentabilidade e aproveitamento socioeconómico e ecolóxico.

- Creación de estruturas físicas como son as casas da mocidade, os locais de ensaio, auditorios e as casas de cultura dende un punto de vista institucional, e a aposta polos centros sociais e culturais autoxestionados, sendo estes espazos de convivencia onde tecer movemento popular.
- Demanda dunha memoria histórica arredor de 5 principios: a perspectiva galega, o carácter integral con continuidade no tempo, a socialización, a perspectiva de xénero, e a creación de espazos públicos para a memoria da represión e da resistencia. Galiza Nova loitará na defensa da nosa propia historia e da nosa memoria histórica.
- Reivindicación novos medios e canles de comunicación na nosa lingua e que falen sobre Galiza, e a loita contra a manipulación dos medios públicos galegos. A comunicación e a información tamén debe ser soberana. É por isto que dente Galiza Nova apostamos firmemente polo desenvolvemento do proxecto de *O Diario Galego*, como unha ferramenta que lle dea voz ao pobo galego.
- Tradución de contido audiovisual actual e de interese por parte dos medios de televisión públicas, tendo unha oferta ampla e variada que desfrutar no noso idioma.
- Aposta pola recuperación das actividades e deportes populares galegas, así como federacións e seleccións galegas en todos os deportes, para internacionalizar as nosas equipas, dotándoas da maior soberanía, ademais de promover que estas equipas sexan mixtas.
- Defensa dun turismo ecolóxico e responsábel, respectuoso co medio natural e produtivo galego, e que prime ás galegas ante a sobreturistificación.
- Promoción do uso, distribución e promoción de software non privativo por parte das institucións, o uso de sitios web oficiais plenamente accesibles para os usuarios que empreguen software libre, e o emprego de formatos e protocolos libres e gratuítos. No ensino, promover que se forme exclusivamente no uso de ferramentas libres sempre que sexa posible, e non obrigar ao estudantado a adquirir paquetes de software privativo baixo ningunha circunstancia.

8. Feminismo

8.1. Análise da situación

A realidade social e económica obríganos ás mozas a analizar o que está a acontecer cos nosos dereitos e os retrocesos que se están a producir logo da chegada do PP ao goberno. As chamadas políticas anticrise non son máis que un eufemismo para tratar de agochar a realidade do ataque ás mulleres, políticas antisociais que atentan contra dereitos recoñecidos da clase traballadora logo de ter institucionalizado o sistema patriarcal no modelo neoliberal. Nun contexto onde se mediatiza e mitifica o avance dun feminismo branco hexemónico en Occidente que só pretende cambios superficiais e estéticos e non estruturais, sacamos á luz as contradicións que iso supón para as mozas obreiras dunha nación oprimida como é Galiza, cuns sectores produtivos desmantelados e servizos públicos inexistentes, que precisa un feminismo galego e de clase, combativo e consciente para acadar as mudanzas necesarias que melloren a vida das persoas.

Fronte o discurso conservador que fala da existencia de igualdade plena, no 2017 recolléronse os datos en Galiza dun 22,3% de fenda salarial entre homes e mulleres, os dun número de traballadoras a tempo parcial que representa un 21,8%, un 35% de contratos de menos dunha semana a nome de mulleres, e un 36,8% de fenda nas pensións. Todo iso conxúgase con feminicidios e agresións, violencia a diferentes niveis, unha brutal feminización da pobreza, un sistema educativo que socializa dende a infancia as estruturas patriarcales, falta de soberanía nos nosos propios corpos e o xugo dun sistema capitalista que

relega as vidas e as persoas a unha mercadoría máis. As condutas socialmente toleradas impostas polos roles e estereotipos de xénero difundidos a través dos axentes de socialización como a familia, amizades, escola, medios de comunicación e Internet. Nos últimos anos engádese á casuística o desenvolvemento das novas tecnoloxías que orixinaron novos espazos de control e dominación das mulleres, o que carrexou a reprodución da violencia nos espazos virtuais (aumentando considerabelmente o control das mozas), os casos de violencia entre menores de idade e a lexitimación das posicións de poder dentro das relacións entre adolescentes.

Nesta análise da situación tampouco podemos esquecer ás mulleres que están sufrindo a crise do capital de forma máis brutal: as mulleres con diversidade funcional ou non-neurotípicas (que nin sequera son obxecto de políticas ou que sofren a bio e psicopolítica e o exceso de medicalización), as traballadoras da economía somerxida, as inmigrantes e mulleres racializadas, as prostitutas e vítimas de trata (non recoñecidas na Lei estatal contra a violencia de xénero), as mulleres menores de 18 anos que precisan consentimento materno/paterno para abortar, e as traballadoras do fogar.

En relación ás tarefas non asalariadas, o capitalismo e o patriarcado asignáronlle ás mulleres a realización de xeito gratuíto das tarefas máis importantes para que a cadea produtiva poida funcionar, os coidados. Deste xeito, os estados e gobernos, grazas a unha estrutura social dentro da cal se atopa a familia nuclear e o binomio público-privado, aforran gastar nesas tarefas ás que as mulleres dedican de media o 18'91% do seu tempo e forza de traballo. Crianzas e persoas maiores ou dependentes a cargo, limpeza, saúde, alimentación, xestión, acompañamento, organización e previsión. Toda unha serie de tarefas imprescindibles para a produción que conviven cunha progresiva privatización e recortes nos servizos públicos que repercute e sobrecarga ás mulleres.

Na conxuntura actual, onde se mestura e á vez dilúe o avance dos feminismos co avance do capitalismo salvaxe, teñen lugar debates coma o dos ventres de alugueiro, nos que as capas máis reaccionarias da sociedade se sitúan radicalmente a favor deste tipo de prácticas que, pese a non ser convencionais, afianzan ideoloxicamente modelos familiares tradicionais consanguíneos e a vinculación das mulleres cun desexo de maternidade a calquera prezo. Nos ventres de alugueiro debemos resaltar, como argumento de forza, que a vida non é un produto máis do capitalismo. Ter fillos non é un dereito, e encargalo coma se fosen un produto de deseño, menos. Da man dese debate, e coa constitución do sindicato *Organización de Traballadoras Sexuales (OTRAS)*, puxéronse sobre a mesa as posicións de abolición, regulación e despenalización ou non-criminalización, con todas as dificultades que leva consigo falar dun dos segmentos máis marxinalizados social e politicamente da poboación, e sen voz en moitas ocasións.

Tanto no debate dos ventres de alugueiro coma no da prostitución, as posturas divídense claramente deixando ao descuberto as desigualdades económicas entre clases e entre centro e periferia e os intereses de cada unha das partes. Partimos da base da non-existencia da libre elección baixo o xugo do capital e do patriarcado. Acreditamos na abolición da prostitución como horizonte estratéxico e como condición indispensable para mudar o sistema, mais isto non pode pasar por medidas ou políticas públicas que marxinen, estigmaticen, releguen á clandestinidade e empeoren as condicións de vida das mulleres nesta situación. Cómpre rachar coa idea de que as capas da sociedade que habitan as marxes só son obxectos pasivos e subalternos das circunstancias para situalas como suxeitos políticos propios. Galiza Nova declárase en contra de todas as formas de explotación dos corpos das mulleres, condenando a industria pornográfica que as cousifica e violenta. Esta violencia patriarcal reproducida na pornografía atravesas as pantallas e repercútenos nas rúas e nas nosas relacións afectivas e sexuais.

Baixo este prisma de desigualdade atopámonos tamén co desamparo dun sistema de xustiza machista que deixa desamparadas a mozas e mulleres como se puido ver nos últimos meses con casos coma o de Juana Rivas, Luciano Méndez na USC, a manada, ou os milleiros de agresións que non obteñen resposta por non haber protocolos de actuación nin uns servizos adecuados. Asemade, tamén hai que por o foco sobre multitude de agresións que as veces nin sequera son vistas como tal por gran parte da sociedade e que forman parte dunha pirámide de violencia que atenta contra as nosas vidas.

8.2. Valoración política

Así como avanza a ofensiva patriarcal, vemos tamén como medra de xeito cuantitativo a mobilización feminista, tanto en número de convocatorias coma en número de asistentes ás mesmas. Os feminismos están adquirindo cada vez máis importancia e os medios de comunicación sistémicos tamén teñen moito a ver con iso, servindo de canle de transmisión en moitas ocasións. Aumenta a visibilización e sensibilidade por esta causa e con iso, xorden novas formas de entender o xeito de organizarse e de interactuar en ambientes politizados. Isto supón que aínda que se manteñen pautas e formas propias do movemento feminista galego, tamén aparecen outros escenarios a ter en conta.

O pasado 8 de marzo do 2018 e a greve de coidados, consumo e traballo de mulleres que tivo lugar nese día, marcaron un punto de inflexión na historia recente do feminismo galego. Este sobresaíu respecto a outras partes do estado por realizarse en chave anticapitalista e con un marco nacional galego diferenciado. O éxito da greve laboral foi en gran parte grazas á área de mulleres do sindicado obreiro galego e de clase que temos de referencia, a CIG. Mais en canto á (auto)organización e participación do resto de tarefas e mobilizacións de cara ao 8 de marzo, débese ter en conta o perigo da perda de hexemonía das posicións nacionalistas no seo do feminismo, e as dificultades que iso trae para construír o movemento que precisamos para no noso País.

Dende Galiza Nova, entendemos a loita feminista como imprescindible na nosa acción política, ao mesmo tempo que é un eixo vertebrador e transversal tanto na teoría coma na praxe. Acreditamos na retroalimentación das diferentes loitas e, polo tanto, o noso horizonte dunha República Galega popular pasa obrigatoriamente por que sexa con perspectiva feminista.

8.3. Liñas de traballo

Precisamos construír unha Galiza feminista, que supere o patriarcado, sen discriminación por xénero ou orientación sexual. Non admitimos recortes nin retrocesos na loita contra o terrorismo machista. Son moitas as mulleres que viven situacións dramáticas e vemos como os asasinatos machistas aumentan ao longo dos últimos anos. Dende a Asemblea de Mulleres de Galiza Nova, xunto ao movemento feminista galego, seguimos traballando para esixir poder de decisión sobre as nosas vidas e que ningunha lei nos poida arrebatara a soberanía dos nosos corpos.

Ante a recrudescencia da opresión sobre as mulleres, o noso compromiso é derrubar o sistema patriarcal, a través do traballo da militancia, da Asemblea de Mulleres e do movemento feminista galego. Debemos actuar con contundencia e combatividade ante as agresións que padecemos e aumentar a consciencia da mocidade pola emancipación das mulleres. A militancia debe ser quen de analizar a realidade e ter consciencia das situacións de desigualdade que nos rodean, sensibilizándose e actuando diariamente contra as violencias que afectan ás mozas, tanto as físicas como as non visíbeis.

É imprescindible o aumento da participación das mozas da organización nos debates, accións e construción do discurso de cara a erradicar todas as actitudes que dificultan o avance do feminismo en nós mesmas, e co obxectivo de poder analizar e reflexionar con profundidade sobre todos os aspectos

que atinxen ás mozas. Ademais da necesidade de garantir continuidade nas actividades, traballo de axitación e formación da Asemblea Nacional de Mulleres, cómpre darlle pulo ás tarefas internas de consolidación das estruturas das asembleas de mulleres comarcais.

8.4. Alternativas políticas

- Formación en materia de xénero a todas as profesionais dos servizos públicos.
- Dotación de servizos públicos comarcais de calidade adecuados á xeografía galega.
- Aborto legal, seguro e de calidade para todas as mulleres garantido nos centros de saúde públicos, sen traslados a outros hospitais e coas menores molestias posíbeis e priorizando o seu benestar e saúde fronte outras cuestións ideolóxicas ou económicas como pode ser a obxección de conciencia por parte do persoal sanitario
- Aumento dos orzamentos destinados a loita contra a violencia de xénero e á protección das mulleres e mozas en situacións de risco, apostando pola creación de xulgados específicos nesta materia en todas as cidades
- Penalizacións e anulación de financiación pública a calquera entidade que promova a desigualdade.
- Plans e formación reais de xénero e sexualidade nos centros de ensino.
- Plans de emprego para mulleres.
- Garantir o dereito á información sobre contracepción e sexualidade a toda a mocidade galega, abrindo centros xoves en todas as cidades.
- Promoción do acceso gratuíto aos métodos anticonceptivos e aos produtos de hixiene femininos.
- Non regulación dos ventres de alugueiro e propostas de políticas públicas que se encamiñen ao remate da mercantilización dos corpos das persoas en situación de prostitución e á abolición desta.

9. LGBT

9.1. Análise da situación

O colectivo LGBT vén asistindo a unha progresiva consecución de dereitos dentro do estado español. A aprobación da lei que regula o matrimonio igualitario no 2005 e a lei de modificación rexistral do sexo en 2007 supoñen, deste xeito, a consecución de dous obxectivos históricos do movemento, non carentes de polémica dentro e fóra do colectivo. Dende as elites de poder preténdese dende aquela marcar estes fitos como os derradeiros, coma se a loita polos dereitos do colectivo LGBT xa estivese rematada.

Neste senso, a mercantilización da loita LGBT pretende diluír as demandas do colectivo LGBT e afogalas dentro do liberalismo e o capital. O denominado capitalismo rosa crea un mercado de consumo para as persoas LGBT co fin de relegar a loita a un segundo plano, pasando a influír no

discurso perpetuando o patriarcado e a propia heteronorma a través das elites, deixando fóra ás persoas LGBT das clases máis populares.

Mais simultaneamente a isto, atopámonos na situación de que a LGBTfobia é o delito de odio que máis se denuncia en todo o territorio español. A nosa mocidade continúa a experimentar gravísimos ataques por mor da súa identidade de xénero ou da súa orientación sexual, tanto a nivel privado como dende as institucións públicas. Isto ten lugar a pesar que dende o 2014 contamos en Galiza cunha lei pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGBT, unha lei que resultou novidosa por ser a primeira destas características que se aprobou no estado español. Non obstante, xa dende Galiza Nova e o BNG se advertiu naquel momento de que se precisaba maior contundencia na condena para que resultase efectiva, e a día de hoxe estamos asistindo a esa necesidade.

Dentro do colectivo LGBT tamén estamos asistindo a unha maior atomización da loita que se engloba nunha corrente neoliberal que pula polo individualismo, e que se manifesta na proliferación de microidentidades sen peso social nin capacidade real de rachar co sistema cisheteropatriarcal, senón que moitas veces poden rematar por reforzalo. Non podemos deixar de lado este feito pois, como xa se ten analizado noutras ocasións, esta tendencia pode chegar a diluír as reivindicacións colectivas enfrontándoas con outras das que nos atinxen, e perder o obxectivo da liberación LGBT.

9.2. Valoración política

Cómpre destacar a importancia que a temática feminista e LGBT está a adquirir entre a mocidade galega nos últimos anos. Do mesmo xeito que vimos asistindo a un aumento, tanto do número coma da concorrencia, das manifestacións de carácter feminista, tamén podemos presenciar unha maior visibilización do colectivo LGBT. Ademais saudamos o nacemento de novas organizacións coma *Avante LGBT*, quen traballa en diversos puntos do noso País mantendo cunha clara conciencia nacional e relacionándoa coa loita do colectivo.

9.3. Liñas de traballo

Galiza Nova terá que manterse nunha posición firme das liberdades sexuais e de xénero, apostando por achegar o noso discurso en chave de País as mozas LGBT. Debemos traballar na liña de manter a reivindicación LGBT ligada a cuestión nacional e de clase, visibilizando a necesidade dunha loita común contra o capitalismo rosa. Exemplo desta necesidade de manter as loitas unidas é a instrumentalización que está a sufrir o colectivo a respecto do alugueiro dos ventres das mulleres máis pobres amparándose no suposto dereito de parellas de homes dunha posición económica mais elevada a ser país. Temos moi claro que isto só busca, unha vez máis, comerciar co corpo das mozas das clases máis baixas.

A nosa posición contra a LGBTobia é firme e clara, e continuaremos a combater estes delitos de odio. A nosa actitude debe ser especialmente combativa fronte a aqueles que teñen lugar dende institucións públicas ou privadas, como é o caso de *Hazte Oír*. Continuaremos a demandar a ilegalización destas organizacións que, coa axuda de fondos públicos, se dedican a fomentar a discriminación e o odio.

9.4. Alternativas políticas

- Defensa do efectivo cumprimento da lei pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGBT. Precisamos dun marco lexislativo que verdadeiramente nos protexa e garanta os nosos dereitos. Ao mesmo tempo, manteremos a nosa postura na defensa das mulleres

das clases máis populares mantendo a necesidade da prohibición do alugueiro dos seus ventres.

- Demanda dunha educación sexual de calidade para a nosa mocidade e libre de moralismos. A formación nestas temáticas deberá abranguer tamén ao profesorado e a outros sectores coma o da sanidade, permitindo así unha atención á mocidade LGBT libre de estigmatizacións. Nesta liña, é urxente a rehabilitación dos centros Quérote, cunha maior dotación tanto de persoal coma de medios.
- Defensa dos dereitos de identidade de xénero da nosa mocidade, cunha aposta clara polo desenvolvemento da Lei Trans Galega, que nos permita unha atención especializada e de calidade, así coma o acceso ao sistema público de saúde para recibir a prestación que fosen precisos.

10. Lecer

10.1. Análise da situación

A acción do imperialismo económico e cultural conxugados coas lóxicas de consumo capitalistas están presentes en todos os aspectos da nosa vida diaria e inxeridos na nosa sociedade. Tamén nas nosas actividades lúdicas e tempo de lecer, e entendelas coma un obxecto ou servizo a consumir leva a asumir lóxicas sistémicas tales como o individualismo, que veñen a nutrir a unha serie de redes económicas que atopan nos comportamentos de lecer da xuventude un negocio redondo.

En Galiza, así como noutras partes do globo, estamos ante o empobrecemento do tempo de lecer da mocidade, reducíndoo ao consumo de bens e servizos ofertados a través dos altofalantes do sistema, deixando de lado as fórmulas da autoorganización do tempo de lecer e das actividades lúdicas da mocidade galega. Todo isto facendo que o asociacionismo xuvenil caia en picado, polo que a mocidade galega perde competencias chave á hora de analizar, deseñar e crear alternativas de ocio colectivas, o que fai que á súa vez sexa máis difícil penetrar nelas con alternativas como as que socializamos dende Galiza Nova ou outros colectivos, alimentando o individualismo e a atomización capitalista. Tamén se debe analizar nesta cuestión a grande falta de tempo que padece en especial a mocidade traballadora, debido á precariedade e ás excesivas xornadas laborais no sector servizos, e que impide que poidamos dedicarlle tempo a actividades non remuneradas ou ao lecer. Esta é unha situación que se ben era existente con anterioridade, se vén agudizando nos últimos anos co deterioro das condicións laborais da mocidade galega

Este tipo de pautas de ocio como consumo ditadas dende o sistema deriva na predominancia do ocio nocturno, destinado ao consumo de alcol e produtos complementarios, e todo isto alimentado polas grandes redes económicas da industria do ocio nocturno e negocios estreitamente relacionados, os cales atoparon neste patrón de conduta inducida, un gran filón económico que explotar.

Ademais, estamos asistindo a unha preocupante proliferación das casas de poxas nos barrios obreiros, onde comezan a ser un problema grave e por medio das cales o grande capital empobrece aínda máis á clase traballadora.

10.2. Valoración política

No mesmo senso que se apuntaba antes, a Xunta de Galiza do Partido Popular carece de alternativas reais en canto á política destinada ao ocio ou lecer da mocidade, restando recursos destinados a

colectivos xuvenís ou eliminando plans de éxito e importancia, como o plan destinado á creación de locais de ensaio nas vilas.

O goberno do PP criminaliza o ocio nocturno, ao mesmo tempo que desmantela as medidas existentes para facelo máis saudábel. A eliminación do servizo do Noitebus, unha liña pública de autobús que achegaba á mocidade aos puntos de ocio nocturno, deixou á xente moza exposta a un elevado consumo en transportes privados e a un risco importante de accidentes de tráfico. Ao mesmo tempo, non aporta alternativas públicas de ocio, nin nocturno nin diúrno, que afonden na diversidade de actividades lúdicas dispoñíbeis no noso País, ademais de obviar por completo a promoción de formas de lecer propias de Galiza dun xeito actualizado.

10.3. Liñas de traballo

Dende Galiza Nova entendemos que a autoorganización do tempo de lecer e as actividades lúdicas da mocidade galega é algo imprescindible para dotármonos de ferramentas chave para o noso desenvolvemento social, tales como o traballo colectivo, a capacidade de análise, de deseño de alternativas non sistémicas e de chegar a consensos colectivos sobre as alternativas a executar.

É fundamental superar o individualismo capitalista tan vivamente representado no tempo de lecer da mocidade fomentando a creación e posta en marcha de asociacións xuvenís de calquera tipo, o que permitirá ter unha sociedade cada vez máis receptiva aos problemas colectivos e unha sociedade dotada das ferramentas para superar ese problemas. A permeabilidade da mocidade galega a este tipo de metodoloxías permitirá que as alternativas que artellamos dende Galiza Nova calle dun xeito moito máis sinxelo na sociedade, aumentando así o nacionalismo galego xuvenil e a nosa loita pola liberación social e nacional de xeito cuantitativo e cualitativo.

10.4. Alternativas políticas

- Creación de programas de lecer alternativos para a mocidade con espazos físicos propios destinados a elas: locais de ensaio, locais sociais, *skateparks*, espazos de deporte alternativos, etc.
- Fin da criminalización do ocio nocturno da mocidade e da persecución do “botellón”, coa posta en marcha e promoción de actividades que estean fóra dos circuítos comerciais habituais, con carácter complementario e non substitutivo.
- Promoción de medidas que favorezan o acceso á cultura, financiando entrada a museos, concertos, a compra de libros e material audiovisual, etc.
- Impulso á creación dun tecido asociativo xuvenil vivo como modo de rachar co individualismo capitalista e ampliar a conciencia colectiva.
- Legalización e regularización do consumo de cannabis cun estatus similar ao do alcol e o tabaco. Incremento da formación da poboación neste aspecto, desmentindo as novas pseudocientíficas acerca do cannabis, e cunha maior concienciación a respecto do seu consumo, cunha educación libre de moralismos.
- Derrogación da lexislación liberalizadora do xogo e das apostas deportivas. Control estrito das empresas que ofrecen estas actividades polos seus efectos potencialmente nocivos e das súas acción, tales como a publicidade das mesmas nos medios de comunicación do sistema, as cales teñen un efecto devastador entre a mocidade das clases populares.

- Implantación do Noitebús en tódalas zonas do país que contén con afluencia de ocio nocturno, con intención de minimizar o uso do vehículo particular ao máximo.

TESE DE ACCIÓN ORGANIZATIVA

Se ben profundar nas problemáticas da mocidade galega é fundamental para o correcto desenvolvemento do traballo de Galiza Nova, máis o é coñecer e fortalecer o seu funcionamento organizativo. Reforzar a organización tanto a nivel nacional, comarcal e local como no seo das asembleas nacionais de mulleres e LGBT; mellorar a comunicación interna e a resonancia das políticas nacionalistas en materia de mocidade nos medios de comunicación; dotármolos de ferramentas dialécticas para explicar e convencer das nosas ideas; consolidar o proxecto do BNG como referente entre a mocidade: son cuestións clave para acadarmos a mellora das condicións de vida das mozas galegas e para o avance do proxecto nacionalista.

A militancia política é sempre unha actividade que esixe compromiso e dedicación. A militancia nunha organización nacionalista en Galiza que estamos a radiografiar require un compromiso e dedicación aínda maiores. En primeiro lugar, porque a causa nacionalista, a causa pola liberación nacional do noso país, conta unicamente coa forza da que as súas militantes a fornezan e non de ningún poder mediático nin económico. E en segundo lugar, porque nun contexto como o actual, onde trunfa o discurso neoliberal individualista e calquera forma de organización colectiva é estigmatizada, o noso esforzo por sumar mocidade ao proxecto debe ser maior.

Neste sentido, a concepción que nós temos da militancia desde unha óptica nacionalista e de esquerdas non ten nada que ver coa militancia en practicamente calquera outra formación política. As forzas de ámbito estatal que apuntalan o réxime contan co favor de toda unha construción política, cultural e económica que as exonera dun traballo político a contracorrente; outras forzas autodenominadas “rupturistas” conciben a militancia de maneira pasiva ou virtual, e polo tanto, a efectos prácticos, son pouco máis ca unha opción electoral. A nosa militancia, que entendemos como unha loita, require sermos axentes activos da mesma en todos os ámbitos que nos sexa posible. Por isto mesmo o nacionalismo sempre se caracterizou por traballar, desde o principio de autoorganización, nos movementos sociais, no sindicalismo, no asociacionismo cultural, etc. Porén, para que este traballo social contribúa aos nosos obxectivos políticos, é fundamental contarmos cunha organización eficiente.

1. Reforzar a organización comarcal e nacional

1.1. Introducción

A consolidación de Galiza Nova como a organización xuvenil nacionalista con maior afiliación e incidencia territorial é fundamental para a ampliación da base social do nacionalismo organizado. A nosa organización debe estar ao lado da mocidade do noso País atendendo ás demandas sociais e incidindo nas problemáticas concretas que derivan da nosa situación colonial.

Un dos principios fundamentais de Galiza Nova é a capacidade e a pretensión de actualizar e mellorar os nosos protocolos de participación interna e de actuación na sociedade galega. Os retos que enfrenta actualmente o nacionalismo galego fan necesaria unha maior implicación da militancia na participación interna tanto nos organismos de Galiza Nova como nos do BNG. A mocidade organizada en Galiza Nova debe ter como obxectivo principal traballar para mellorar a axilidade e eficacia da organización nas respostas aos ataques contra a mocidade, tanto a nivel comarcal como nacional.

Os principios de auto-organización, democracia, participación e pluralidade deben ser a base do funcionamento da nosa organización, principios que debemos implementar en todos os nosos órganos, pulando pola incorporación de máis mocidade aos traballos xuvenís da fronte, aumentando a comunicación interna e garantindo o debate e a toma de decisións nos organismos competentes.

1.2. Participación da militancia

A militancia en Galiza Nova debe caracterizarse pola participación activa tanto nos organismos como na acción política, sendo referencial tanto polo seu activismo nos movementos sociais como polo compromiso coa organización.

Ao longo do último período temos detectado en ocasións que a execución do traballo a todos os niveis recae nun grupo reducido de persoas. A intensa actividade que sacamos adiante cada curso político require da maior implicación posíbel, non só para o éxito das campañas nacionais ou locais, senón para garantir o correcto funcionamento da organización a través da colectivización do traballo. Isto require de maior compromiso e implicación por parte da militancia de Galiza Nova, non só na toma de decisións senón tamén na execución dos acordos tomados.

A participación nas asembleas e nos órganos de dirección da organización é fundamental para adquirir un mellor coñecemento do funcionamento da organización garantindo a pluralidade no debate. A baixa asistencia ás xuntanzas organizativas é unha eiva que a debemos solucionar mellorando o funcionamento das asembleas para que sexan máis áxiles e resolutivas, tanto no debate como na planificación do traballo. Do mesmo xeito, cada compañeira que faga parte da organización deberá prestar unha maior atención a aqueles eidos de traballo que lle resulten máis atractivos e interesantes, sen descoidar o traballo de base. Mais a participación activa na organización non implica só a asistencia ás xuntanzas, o compromiso militante implica tamén participar activamente na execución do traballo planificado. Igualmente, debemos ser conscientes de que a implicación no traballo diario tamén se ve afectada polas circunstancias persoais e profesionais das militantes. Por iso é necesario buscar dinámicas de traballo que faciliten a participación da militancia.

Ademais, a militancia de Galiza Nova ten que adquirir o compromiso de aumentar a súa participación nos movementos sociais do País: asociacións veciñais, colectivos feministas, colectivos LGBT, organizacións estudantís... A participación social é fundamental para achegar o ideario nacionalista á mocidade galega, aportando sempre a nosa visión aos debates e á resolución de conflitos.

1.3. Expansión organizativa

Na actualidade, Galiza Nova conta con militancia en todas as comarcas do País, mais non con asembleas comarcais constituídas en todas elas. No pasado período conseguimos constituír novas comarcas e localidades, moitas delas desenvolvendo un traballo autónomo e as máis con necesidade de recibir apoio dende a nacional.

O noso obxectivo para o período que encetamos tras a XV Asemblea Nacional debe ser a consolidación das comarcas e localidades de nova creación. Para isto é fundamental que dende a Dirección Nacional e a Comisión Permanente se faga un esforzo para prestar apoio a aquelas comarcas que o requiran para desenvolver un traballo autónomo, prestando unha atención especial a aquelas que gocen de menos militancia activa ou que están en proceso de constitución.

1.4. Afiliación

Galiza Nova ten como obxectivo principal achegar o ideario nacionalista á mocidade do País para crear conciencia nacional e sumar máis activistas á nosa organización e ao movemento de liberación nacional e social do noso pobo. Na actualidade, a nosa organización recibe peticións de afiliación, ben a través do BNG ou ben directamente a Galiza Nova de mozas e mozos cuxa idade se sitúa entre

os 16 e os 25 anos, o que nos asegura a renovación da organización e o futuro da mesma. Cómpre salientar que a maioría de persoas que solicitan afiliación directamente a Galiza Nova deben o seu coñecemento da nosa organización ao noso traballo constante nas redes sociais e á nosa visibilización nas mobilizacións sociais e nas rúas.

Para garantir o crecemento da afiliación a Galiza Nova é fundamental que se realice un procesamento correcto das solicitudes de afiliación, coa creación dun Protocolo de Afiliación onde se indiquen os pasos a seguir para a fidelización das novas altas e se realice un seguimento das novas incorporacións, atendendo aos seus intereses e as súas dúbidas organizativas ou ideolóxicas. Para isto cómpre que dende as responsabilidades comarcais e locais se aplique o protocolo de simpatizantes e posteriormente o de afiliación, mais tamén require que todas as compañeiras teñan un papel activo no achegamento ás simpatizantes e na acollida ás novas altas na organización.

1.5. Funcionamento a nivel comarcal e local

O funcionamento da nosa organización caracterízase por conxugar as propostas da Dirección Nacional coa autonomía das Asembleas Comarcais e Locais. As campañas nacionais poden servir para dinamizar aquelas comarcas con maiores dificultades organizativas, mais debemos tender cara unha organización cuxas asembleas sexan quen de desenvolver traballo autónomo e adaptado á realidade comarcal ou local.

As asembleas deben servir para programar e colectivizar a actividade da organización, debater cuestións de relevancia ou realizar actividades formativas, e para isto deben contar cunha periodicidade mensual naquelas comarcas nas que existe un traballo diario activo. Mais tamén debemos atender ás dificultades daquelas comarcas que polo desprazamento da militancia non poidan realizalo con tanta asiduidade. Neste caso, debemos procurar que se realicen xuntanzas e actividade que permitan garantir o despregamento das campañas nacionais e a participación activa da militancia.

Do mesmo xeito, a convocatoria de Asembleas debe realizarse en tempo e forma a través do correo electrónico comarcal e, de ser posíbel, facendo previamente unha consulta personalizada das disponibilidades das compañeiras por parte das responsabilidades comarcais. En canto á convocatoria das Asembleas Comarcais ordinarias, deberase enviar unha orde do día que conte, polo menos, cos seguintes puntos:

1. *Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior*
2. *Organización: altas, baixas e traslados*
3. *Información da Dirección Nacional*
4. *Análise da situación política e valoración do traballo realizado*
5. *Actividades a realizar*
6. *Varios*

O papel das responsabilidades comarcais e locais é fundamental para a dinamización das asembleas e o desenvolvemento correcto do traballo militante, recaendo en moitas ocasións unha excesiva carga de traballo sobre as responsábeis. Neste senso, cómpre tender cara unha mellor planificación e unha maior colectivización do traballo, recaendo a responsabilidade organizativa no conxunto da asemblea, de modo que a militancia poida sentir útil e participe das iniciativas despregadas.

Ademais, debemos asegurarnos de que nas Asembleas Comarcais se realice unha transmisión da información e das decisións emanadas da Dirección Nacional. Para isto, as Responsábeis Comarcais deben informar dos acordos tomados neste órgano na primeira Asemblea Comarcal posterior á

Dirección Nacional, así como transmitir a información recibida a través das circulares que se envían dende a Sede Nacional.

1.6. Funcionamento a nivel nacional

A Dirección Nacional e a Comisión Permanente son os máximos organismos en períodos interassembleares:

- A Dirección Nacional é o máximo organismo de decisión de Galiza Nova nos períodos interassembleares. É un organismo amplo no que todas as comarcas están representadas e que se encarga de debater as liñas políticas e de traballo de Galiza Nova a medio prazo.
- A Comisión Permanente é un organismo dun reducido número de persoas que se encarga de levar o día a día da organización. Aínda que existan debates políticos nel tamén, é un organismo de carácter máis executivo e está conformado por compañeiras que teñen asignadas funcións concretas no traballo de Galiza Nova.

A asistencia e participación nas diversas asembleas e nestes organismos é unha obriga indispensable para as integrantes dos mesmos, pois fica nelas a responsabilidade da transmisión de información. Do mesmo xeito, as integrantes da Dirección Nacional teñen a obriga e a responsabilidade de clarificar calquera dúbida xurdida nas súas Asembleas Comarcais sobre a configuración das campañas ou sobre as decisións adoptadas polo conxunto do organismo.

As integrantes da Dirección Nacional e a Comisión Permanente teñen a responsabilidade de atender ás tarefas que lles foron encomendadas en tempo e forma e a obriga de atender ás necesidades da organización, procurando unha mellor colectivización do traballo entre as integrantes das mesmas. Isto garante un funcionamento máis áxil e dinámico da organización.

No último período, as visitas dende a Comisión Permanente ás Asembleas Comarcais teñen amosado ser unha canle fundamental e necesaria para a mellora da comunicación interna e o impulso das diferentes comarcas do País. Esta debe ser unha metodoloxía que a nosa organización tome como principal, coa realización de visitas periodicamente, mais non pode ser a única vía para que as comarcas realicen xuntanzas ou programen traballo. Debemos pular por que as comarcas funcionen de forma autónoma e non só a través dos impulsos realizados pola Dirección Nacional.

2. Comunicación

Galiza Nova debe potenciar a súa comunicación interna e externa, dado o papel central que xoga no éxito das nosas campañas, iniciativas políticas, opinións e posicións. Tamén reforzaremos a presenza da nosa organizacións nos medios de comunicación.

2.1. Comunicación interna nacional e comarcal/local

Nos nosos posicionamentos como organización, debemos prestar atención aos ritmos impostos polos medios de comunicación de masas, evitando caer na reprodución da súa terminoloxía, así coma dos seus criterios de centrar o foco na información sobre o que acontece no estado español, e tendo en perspectiva outras nacións da nosa contorna que teñen a mesma relevancia política e social.

Na nosa organización dispoñemos de varias canles de comunicación interna. Por unha parte, contamos coa comunicación cotiá entre a Organización Nacional e as Responsabilidades Comarcais ou Locais. Pola outra, durante estes dous anos reforzamos o *Galiza Nova Comunicación* como ferramenta de

comunicación interna áxil para o conxunto da militancia, así como as Circulares Nacionais enviadas ás responsabilidades comarcais e locais nas que se recollen os acordos tomados e as liñas para a planificación do traballo político. Cómpre destacar que durante este período tamén puxemos en marcha a publicación periódica dos acordos da Dirección Nacional na nosa páxina web favorecendo así o coñecemento dos debates e acordos tomados entre o conxunto da militancia.

A pesar do traballo realizado que mellorou a nosa comunicación interna en comparación a períodos anteriores, cómpre continuar progresando. É urxente sistematizar a comunicación entre todos os niveis: entre a militancia e as responsabilidades a nivel local e comarcal e destas coa sede nacional.

Durante este período detectamos algunhas eivas, como son convocatorias de asembleas comarcais e a organización de actividades nas comarcas por canles telemáticas como *Whatsapp*[®], en detrimento de convocatorias por correo electrónico e a comunicación coa militancia vía telefónica. Ao longo dos próximos dous anos deberemos recuperar as boas prácticas de comunicación e utilizar canles como *Whatsapp*[®] ou *Telegram*[®] dun xeito acaído e non como substitución das ferramentas procedentes.

2.2. Comunicación externa

A nosa organización fixo un esforzo para mellorar a nosa capacidade de comunicación. Nestes dous anos, multiplicamos por dous o tráfico na nosa páxina web e consolidamos a nosa posición nas redes sociais como a organización xuvenil galega con máis seguidores e máis alcance.

Páxina web. A nosa páxina web é a fiestra da nosa organización ao mundo. Debemos traballar para dotala de contidos diarios, ben sexan de cuestións nacionais, ben sexan cuestións locais e comarcais, converténdoa nun espazo de referencia para a mocidade galega das propostas do nacionalismo.

Para mellorar a nosa comunicación externa, dende a Comisión Permanente procederase neste período á constitución dun grupo nacional de comunicación: un espazo máis delimitado para debater melloras e criterios na realización dun discurso público máis pedagóxico e contundente. Actualizaremos de forma periódica o plan de traballo de comunicación, que deberá ser facilitado á militancia con indicacións axeitadas en canto ás accións a desenvolver, liña gráfica e boas prácticas.

En colaboración coa responsabilidade de formación, organizaremos xornadas formativas a nivel comarcal e nacional para mellorar a formación neste eido explicando a nosa estratexia dixital e mellorando colectivamente a nosa práctica.

Durante este período teremos o reto de destacar a información comarcal e local. Cómpre que as localidades e comarcas envíen á nacional máis información de traballo realizado, análises de problemáticas e organización de actividades para a súa publicación.

Por último, reforzaremos na web o apartado de opinión, tanto con cuestións nacionais como comarcais.

Redes sociais. Nos últimos anos as redes sociais xogan un papel central na comunicación do conxunto da sociedade pero aínda con maior incidencia na mocidade.

As redes sociais comarcais e nacionais son, a día de hoxe, a porta de entrada da mocidade ás posicións políticas da nosa organización. Por isto, durante este período convén identificar as melloras a realizar nestas redes. En primeiro lugar, debemos ser quen de rachar cun modelo no que a militancia se comporta como meros altofalantes dos contidos da organización, un modelo ou unha práctica que temos analizado e demostrado que é pouco atraínte, e incluso contraproducente, para facermos chegar a nosa mensaxe á mocidade allea á nosa organización. En segundo lugar, é importante que dende as

comarcas se actualicen a diario os perfís de *Facebook*[®] e *Twitter*[®], tentando así cubrir o maior número de poboación conectada e nas distintas partes do noso País.

Debemos establecer canles áxiles de comunicación entre os responsábeis comarcais e nacionais desta área para resolver dúbidas técnicas, así como prestar o apoio necesario para ter un discurso claro e atractivo.

Dende as redes nacionais cómpre consolidar o traballo realizado historicamente neste eido, aumentando a nosa referencialidade fronte a outras alternativas políticas. Temos detectado que unha parte da mocidade ten o seu primeiro contacto coa nosa organización a través das redes sociais nacionais; porén, o protocolo de contacto cos simpatizantes perde o fío nas comarcas cando non se contacta con elas en tempo e forma.

Comunicación externa de masas. Durante este período sistematizamos o boletín *Mocidade.GZ* como ferramenta útil e rápida de comunicación sobre cuestións e actividades moi concretas entre os simpatizantes da nosa organización. Aínda así, ao longo do vindeiro período debemos mellorar a periodicidade desta canle así como aumentar os contactos recollidos no conxunto das comarcas.

Canle de Telegram[®] e Whatsapp[®]. Debemos reforzar o noso traballo na canle de *Telegram*[®] de Galiza Nova. A día de hoxe, o número de participantes estabilizouse pero cómpre deseñar unha estratexia para aumentar o seu alcance, pois supón unha canle directa con simpatizantes que lles permite coñecer as nosas propostas dende o anonimato. Pola contra, debemos analizar a función concreta que lle queremos dar á nosa conta de *Whatsapp*[®] e crear unha estratexia de comunicación específica para esta, xa que durante este último ano o rendemento desta ferramenta foi moi baixo.

2.3. Os nosos cabeceiros impresos

Mocidade. O *Mocidade* é o voceiro nacional de Galiza Nova cuxos contidos somos quen de mellorar ano a ano, conseguindo unha fusión entre aspectos formativos, posicións políticas e deseños atractivos para a mocidade.

Temos que mellorar a súa difusión e antelación, servíndonos para difundir o Festigal e o día da Patria. Cómpre aumentar o esforzo comarcal na achega de publicidades tanto para garantir a súa viabilidade como potenciar a súa difusión masiva. Debe ser prioritario a publicación deste cabeceiro antes da finalización das aulas, tanto en ensino medio como universitario, dado que é neste momento cando temos máis oportunidades de chegar á mocidade.

Cabeceiro LGBT. Crearase un voceiro da Asemblea LGBT de Galiza Nova. É importante comezar na edición dun cabeceiro LGBT que trate sobre temas, conflitos e debates do colectivo e da loita LGBT, de cara a espallar os nosos posicionamentos políticos e contar dun cabeceiro físico para difundir

Activas. É o voceiro da Asemblea de Mulleres de Galiza Nova. Cómpre mellorar a súa periodicidade fóra das datas significativas, ampliar os seus contidos e mellorar o seu formato xa que durante este período non logramos cumprir os obxectivos que nos marcamos no plano de traballo da área de comunicación.

Lume. O *Lume* é o cabeceiro de ensino medio herdado de ERGA do cal debemos mellorar de forma significativa a publicación neste período, ampliando a súa función máis alá de ser unha folla axitativa e de achegamento aos estudantes de ensino medio en procesos previos ás mobilizacións estudantís, xa que, nos últimos anos foi centrada en folgas estudantís e da LOMCE. Cómpre abordar con máis detemento este voceiro para que sirva para achegarmos iniciativas e propostas políticas de Galiza Nova a esta capa do estudantado.

Boletín internacional. É a ferramenta que empregamos para transmitir as nosas principais posicións políticas a nivel internacional. No vindeiro período cómpre sistematizar a publicación deste cabeceiro, xa que neste período a súa publicación foi irregular, con temporadas onde realizamos varias tiraxes, intercaladas con longos períodos de tempo nos que non se publicou. Debemos destacar a boa acollida que tivo este boletín nas organizacións amigas, incluso sendo este un exemplo a seguir para algunhas delas.

Voceiros comarcais ou locais. Na XIV Asemblea Nacional de Galiza Nova analizabamos que era necesaria a recuperación destes cabeceiros comarcais e locais, sendo unha ferramenta útil para achegar a nosa mensaxe á mocidade, adaptando campañas nacionais a problemáticas máis próximas ou poñendo o foco en cuestións comarcais ou locais. Infelizmente, durante este período non se creou ningunha cabeceira ademais das xa consolidadas nun número moi reducido de comarcas. Neste período debemos analizar en que comarcas podemos apostar pola posta en marcha deste cabeceiros cunha periodicidade mínima.

2.4. Medios de comunicación

O actual panorama mediático dificulta o achegamento á mocidade das propostas e mensaxes políticas do nacionalismo, o cal resulta unha eiva que convén solucionar o antes posíbel. A militancia de Galiza Nova potenciará a creación do espazo galego de comunicación no marco do proxecto de *O Diario Galego*. Debemos favorecer a participación dos cadros políticos da organización (Comisión Permanente, Dirección Nacional, Responsabilidades Comarcais e Responsabilidades de Organización Comarcais) nos espazos para as columnas de opinión ou cartas á persoa directora, entendendo estes espazos como ferramentas para ampliar a nosa mensaxe á mocidade e á sociedade galega no seu conxunto. A día de hoxe dispoñemos de varios cabeceiros dixitais nativos na nosa lingua que poden ser un exemplo destes espazos.

Cómpre coordinar entre a nacional e as comarcas os impactos nos medios de comunicación, mediante roldas de prensa, accións mediáticas ou notas de prensa. Durante este período temos constatado que, aínda que non se favorece a transmisión da nosa mensaxe, os medios si recollen minimamente as nosas accións, como se viu nas edicións primeira e segunda da Semana da Patria.

3. Formación

É una función primordial para o nacionalismo ter una ampla formación política, tanto a nivel colectivo como a nivel persoal de cada militante e simpatizante para, desta forma, obter uns principios sólidos, unhas conviccións fortes, uns argumentos para explicar e convencer das nosas ideas en tódolos campos e sendo capaces de cuestionalo todo sen ser influenciadas por unha visión individualista ou polo pensamento hexemónico do sistema. No caso de Galiza Nova esta función vólvese, se é posíbel, aínda máis principal dado o público ao que está dirixida a organización, estando este no comezo da súa militancia política. Nesta liña tamén é importante que a militancia coñeza os elementos fundamentais dos nosos principios e do noso discurso de organización para poderlos adaptar a tódolos ámbitos e situacións que vive no día a día a mocidade galega.

Tamén é fundamental para Galiza Nova a formación organizativa, para poder optimizar tódolos nosos recursos: humanos, temporais e económicos. Por iso, o coñecemento do funcionamento da organización é algo que todo militante debe asumir para ser máis efectivos na utilización de recursos, na realización do traballo e no aproveitamento deste unha vez realizado.

Aínda así, é necesario aumentar esta carga formativa, polo que se creará neste período unha rede de comunicación directa entre a comisión nacional de formación (formada polo Responsábel Nacional de

formación e dúas persoas da Dirección Nacional) e as responsabilidades comarcais de formación (ou responsabilidades comarcais no seu defecto) co fin de ter un rexistro das actividades formativas realizadas no conxunto do País para que tódalas comarcas as teñan en coñecemento e as poidan reproducir no seu espazo. Ademais, grazas a este rexistro, a organización irá gañando en coñecemento para ser cada vez máis efectiva no seu funcionamento e metodoloxía.

A responsabilidade de formación encargárase de crear contidos, tanto para documentación como para realizar actos formativos co fin de complementar aqueles realizados nas propias comarcas. Por outra banda tamén dará apoio loxístico e organizativo cando se precise para que a militancia teña tódalas facilidades de cara a realizar actividades destas características. Outra das súas funcións será a de coñecer outras actividades de formación externas a Galiza Nova que sexan de interese para poñer en coñecemento da militancia e simpatizantes. Así mesmo pulará por fomentar a colaboración con asociacións e entidades do País con nexos ideolóxicos en común para a realización de actos formativos conxuntos.

O fin último é a activación das comarcas no eido da formación (e por extensión, de toda a militancia), tanto con actos abertos como se vén realizando até o de agora, como na realización de encontros comarcais da militancia para debate sobre toda cuestión política ou orgánica de interese, sempre tendo en consideración de ter unha organización atractiva onde a mocidade vexa un espazo atractivo onde debater, expresarse e formarse. Tamén a nivel comarcal o desenvolvemento de actos formativos coa colaboración do BNG resulta fundamental para comprender e analizar os problemas máis próximos da mocidade.

Para iso é fundamental a implicación de tódalas responsabilidades comarcais para canalizar o traballo e a participación a toda a militancia. A importancia de ter éxito nesta cuestión reside na dotación de capacidade á militancia para espallar o discurso nacionalista, pois é a ferramenta máis potente para este cometido que temos actualmente. Polo anteriormente exposto, a nosa organización terá a obriga, sen excepcións, de fornecer, aos novos militantes ou cargos, de documentos con información sobre as súas responsabilidades, obrigas e campos de actuación. Estes documentos, que serán creados a través dunha comisión, deberán incluír información sobre o funcionamento xeral de Galiza Nova e o BNG así coma doutros temas tendo en conta a responsabilidade de cadaquén así como pautas de actuación e contactos para a resolución de dúbidas. Esta información deberá ser, parcialmente e segundo o grao de privacidade organizativa, pública e accesíbel na páxina web.

3.1. Xornadas de Formación

Para sermos quen de acadar os obxectivos en materia de formación que nos marcamos nesta XV Asemblea Nacional debemos sistematizar o traballo que realizamos de cara as diferentes xornadas de formación que realizamos ao longo do curso político.

Dentro delas debemos distinguir diferentes niveis, tanto se se organizan a nivel comarcal ou nacional, ou ben se son para o conxunto da militancia e simpatizantes, é dicir, abertas, ou enfocadas ás persoas que ocupan responsabilidades.

3.1.1. Xornadas nacionais

3.1.1.1. Xornadas nacionais de formación abertas

Deste tipo organízanse dende hai décadas dúas xornadas de formación de Galiza Nova, en dúas épocas diferentes do ano: as “Xornadas de Verán da Mocidade Galega” e “Xornadas de Historia de

Galiza”. Tradicionalmente estas xornadas serven tanto de formación coma de espazo de convivio entre a militancia e as simpatizantes; realizándose de maneira rotativa en diferentes comarcas que se encargan de realizar a proposta a nivel formativo e loxístico. Ademais, as Asembleas de Mulleres e LGBT tamén realizaron neste período unha xornada nacional de formación en temática exclusivamente feminista e LGBT, as cales haberá que pular por darlles continuidade. Para mellorar o funcionamento destas xornadas, o seu contido en formación práctica e teórica será aprobado pola Dirección Nacional a proposta da Reponsabilidade Nacional de Formación e a Comisión Permanente, primando a actividade formativa ao convivio e aumentando a formación ideolóxica xunto coa organizativa, e serán as comarcas as que realicen a proposta de localización e loxística das mesmas. Estas xornadas deberán contar cun programa coherente e un tema definido; cuxos contidos serán recollidos en textos que a militancia e simpatizantes que queiran participar da xornada deberán ler para conseguir sacarlle máis rendemento ás xornadas. Estes documentos poderán ser editados posteriormente coas conclusións das xornadas a modo de *dossiers* formativos sobre diferentes cuestións.

3.1.1.2. Xornadas nacionais para persoas que ocupan responsabilidades

Estas xornadas están dirixidas non ao conxunto da militancia e simpatizantes senón ás persoas que ocupan responsabilidades a nivel nacional e comarcal en Galiza Nova. Estas responden ao obxectivo de que todas as persoas que ocupan estas responsabilidades sexan quen de exercelas coa maior eficacia posíbel e deben servir para dotalas das ferramentas necesarias para o facer.

Debemos establecer unha continuidade para estas xornadas neste período e ao mesmo tempo fornecer de materiais que sirvan de guía para o traballo político diario das persoas que ocupen responsabilidades comarcais e locais.

3.1.2. Xornadas de formación comarcais internas

Para alén dos actos públicos de carácter formativo, que neste período foron abundantes, tamén deberemos tratar de aumentar e regularizar xornadas de formación internas a nivel comarcal.

Para isto as comarcas poderán apoiarse nos materiais e nos programas das xornadas nacionais para afondar en conceptos ou metodoloxías de traballo tratados nestas, ou ben organizar as súas propias xornadas. Para isto será importante estar en contacto continuo

4. Finanzas

A acción política dunha organización como Galiza Nova depende en grande medida da situación económica na que se atope. Nese sentido, tórnase fundamental reforzar as nosas vías de financiamento para acadar maiores recursos económicos que nos permitan manter unha acción política constante sen comprometer en ningún momento o patrimonio da organización.

Malia que non se busca unha sobrecarga militante, as afiliadas de Galiza Nova xogan un papel chave para acadar o obxectivo do autofinanciamento. O cumprimento de obrigas como o pagamento trimestral da cota de 10 euros mediante a domiciliación bancaria é básico para a subsistencia da organización. A nosa militancia debe ser consciente do prexuízo económico que supón incumprir esta obriga, xa que nos priva do único ingreso corrente do que Galiza Nova dispón con seguridade. Porén, a asemblea comarcal poderá decidir a redución ou exención de cota a unha militante cuxa situación económica non permita asumir o seu pagamento.

Ademais desta cota obrigatoria, a XV Asemblea Nacional estableceu unha cota voluntaria de 20 euros trimestrais para a militancia que poida e desexe colaborar economicamente en maior medida coa organización. Para acollerse á modalidade da cota trimestral de 20 euros, só será preciso solicitalo perante a asemblea comarcal correspondente. Esta cota poderá establecerse durante o período de tempo que a militante indique, volvendo á cota de 10 euros ao remate do mesmo.

Alén do pagamento das cotas, a nosa militancia é fundamental para lograr un importante aforro económico participando en grupos de traballo comarcais e nacionais para a elaboración de materiais e a creación de deseños propios. Deste xeito, a imaxinación e creación das nosas militantes supón a mellor alternativa para suplir o gasto financeiro.

Para poder levar adiante o traballo político que planificamos, cómpre buscar tamén medidas que supoñan ingresos extraordinarios. Neste sentido, debemos valorar a obtención de recursos económicos extraordinarios a través da edición de rifas ou bonos axuda, comprometéndose a militancia á súa venda para lograr o obxectivo marcado en cada caso.

Xunto ás medidas mencionadas, a venda de material en feiras, festivais e concertos axuda en gran medida a financiar a nosa actividade, ao tempo que nos permite espallar a nosa ideoloxía e simboloxía por moitos recunchos. Ademais da venda física nestes lugares, debemos darlle un maior pulo á nosa loxa virtual, creada no último período interassemblear, xa que nos permite chegar a un público moito máis amplo a través da web. Para cumprir estes obxectivos, será prioridade ampliar tanto en cantidade como en variedade o noso stock, procurando tamén a renovación dos deseños con certa periodicidade. Ademais, será interesante buscar novas vías para dar a coñecer a loxa virtual de Galiza Nova.

En conclusión, garantir a nosa solvencia económica é fundamental, xa que canto maiores sexan os recursos económicos dos que dispoñamos, máis sinxelo será levar a cabo campañas políticas que nos permitan dar resposta ás necesidades da mocidade galega. Para promover a actividade comarcal e local o 30% da venda de rifas deberá recaer na conta comarcal na que se milite. Con carácter anual, se a comarca emprega menos do 50% do total da súa conta, o restante pasará a formar parte da conta nacional.

5. Participación no BNG

Galiza Nova asume como propios os principios ideolóxicos e políticos do BNG, tal e como aprobou o conxunto da militancia da fronte no Protocolo de Relación de Galiza Nova co Bloque Nacionalista Galego. Deste xeito, a participación da militancia de Galiza Nova no seo da fronte patriótica faise imprescindible, non só para aportarmos análises políticas dende o punto de vista da mocidade, senón tamén para contribuír á nosa formación como militantes nacionalistas.

Segundo as teses da XVI Asemblea Nacional do BNG, o traballo xuvenil é estratéxico para o presente e futuro do proxecto nacionalista, polo que recuperar espazos e gañar referencialidade para o BNG na mocidade e consolidalo como unha ferramenta verdadeiramente útil para o País debe ser un dos obxectivos deste período. Isto só se pode levar a cabo con absoluta integración, colaboración e participación da militancia de Galiza Nova no seo do BNG.

No Bloque Nacionalista Galego a militancia de Galiza Nova debemos ser o motor para desenvolver políticas nacionalistas en materia de mocidade, tanto en programas electorais como nos debates que teñen lugar nas asembleas do BNG a nivel local e comarcal, así como nos grupos de traballo nacionais do BNG.

Neste sentido, e tendo en conta que Galiza Nova posúe actualmente, a través do BNG, un bo número de representantes institucionais en órganos tanto executivos como lexislativos, será interesante poñer en común as diferentes propostas levadas a cabo nos diferentes puntos do País. Deste xeito poderemos vertebrar unha política nacionalista xuvenil que siga unha liña clara e común, adaptando as propostas atendendo ás realidades específicas de cada localidade.

Para que isto sexa posíbel, é necesario que dende a Responsabilidade de Relacións Institucionais de Galiza Nova se impulse a creación dunha comisión de Acción Institucional. Esta pretenderá ser un espazo no que as nosas representantes institucionais e compañeiras interesadas poidan compartir experiencias e deseñar liñas de actuación xerais a desenvolver a nivel goberno e tamén a nivel oposición, co fin de afianzar a liña política de Galiza Nova na acción institucional.

Por último, o BNG será un punto de apoio para consolidar a estrutura organizativa de Galiza Nova nas comarcas onde xa exista esta estrutura, e para creala onde non a haxa.

6. Simpatizantes

As simpatizantes son unha parte moi importante de Galiza Nova, tanto no seu funcionamento diario, en canto á súa participación en asembleas e grupos de traballo, como no futuro da nosa organización, pois moitas delas darán o paso a ser militantes. Ademais, realizan unha tarefa chave da militancia de base como é a socialización do discurso de Galiza Nova, actuando así a base simpatizante como un altofalante das ideas nacionalistas, tanto nas redes sociais como nos contactos un a un. Do mesmo xeito, as simpatizantes sérvenlle á nosa organización para coñecer información do entorno de cada unha delas, o cal é imprescindible para que o traballo de Galiza Nova en comarcas e localidades sexa útil.

Que a comunicación coas persoas simpatizantes sexa continuada debe ser unha prioridade e, para isto, contamos co Protocolo de Simpatizantes de Galiza Nova, aprobado pola Dirección Nacional neste último período. O funcionamento e éxito deste protocolo confirmouse nas comarcas en que se seguiron os seus pasos, máis a implantación deste sistema de traballo está lonxe de ser ideal, pois require da implicación e do compromiso de toda a organización. Este protocolo é unha ferramenta guía no proceso de captación de simpatizantes e, polo tanto, un elemento fundamental na expansión organizativa de Galiza Nova, por iso neste período debe volver a socializarse entre responsabilidades e militantes e así poder optimizar o proceso de recollida de contactos.

Do mesmo xeito, dende a Responsabilidade de Comunicación debe coidarse o contacto a través das redes sociais. Durante este período constatamos que as redes sociais, especialmente *Instagram*[®], son unha importante vía de entrada de simpatizantes, de aí a importancia de manter unha estratexia de comunicación externa atractiva por estes medios.

Así e todo, aínda que dende un punto de vista organizativo e comunicativo apreciamos a labor que desempeñan as persoas simpatizantes en canto á difusión da liña política de Galiza Nova, a situación das simpatizantes debe ser un estado transitorio de cara a unha posíbel afiliación á nosa organización e ao BNG.

7. Asemblea de Mulleres

É máis necesario ca nunca o compromiso de todas nós co derrubamento do patriarcado, dotándonos de ferramentas para combatelo no seu día a día. Ferramentas como a Asemblea de Mulleres, un

espazo de mulleres onde debater, analizar e traballar accións concretas para combater o patriarcado, pero tamén para fortalecernos nós e á propia asemblea.

No anterior período intersamblar, o espazo feminista de Galiza Nova experimentara unha redución do traballo a pe de rúa e de organización a raíz de que a lei do aborto deixou de estar na axenda política e de que o movemento feminista galego reducira a súa mobilización. Mais neste último período a situación mudou ao entrar en xogo a greve feminista, as mobilizacións do 4 e 8 de marzo e a creación de espazos comúns como é *Galegas8M*.

É preciso que a asemblea de mulleres de Galiza Nova teña actividade e ritmo propio á marxe do nivel de activismo que poidan ter os distintos colectivos feministas do País ou ritmos impostos dende fóra. As estruturas asemblearias das comarcas e localidades son insuficientes, mesmo nalgún caso inexistentes. Debemos tomar conciencia de que as asembleas comarcais son imprescindíbeis para o funcionamento da nosa actividade feminista. É preciso, polo tanto, que traballemos neste eido para que se reactiven e constitúan as asembleas locais e comarcais por todo o País onde teñamos compañeiras para adquirir maior dinamismo. Así mesmo, unha importante función das asembleas locais e comarcais de mulleres debe ser o impulso de actividades propias e que se trasladen á Asemblea Nacional para executalas por todo o País.

Á hora de construírmos unha nación, o feminismo vai poñer enriba da mesa temas que poden entrar en contradición con outras posicións que non contemplan as loitas contra o patriarcado. Neste senso o feminismo debe ser un vector fundamental para que esa construción nacional se realice sobre os prismas de xustiza e igualdade. Só dende a loita anticapitalista e antipatriarcal poderemos conseguir unha mudanza radical desta sociedade e construírmos unha Galiza realmente libre. Neste eido, é importante a labor formativa da Asemblea de Mulleres para toda a militancia de Galiza Nova que debe incrementar a súa conciencia sobre a importancia da loita feminista dentro do nacionalismo. Mais isto só pasa pola implicación de toda a militancia no desenvolvemento do traballo feminista que deseñe e promova a Asemblea de Mulleres.

É de vital importancia neste período o traballo arredor do protocolo contra agresións, que non será só unha cuestión formal senón que deberá atinxir ao completo funcionamento mesmo da organización e ao xeito de entender a militancia.

7.1. Funcionamento da Asemblea de Mulleres

- A Asemblea de Mulleres de Galiza Nova é o máximo órgano de decisión da organización en materia de xénero, sendo deste xeito un organismo autónomo. Están convocadas á mesma todas as militantes de Galiza Nova.
- Co obxecto de axilizar e reforzar esta labor, as responsábeis comarcais e locais das asembleas de mulleres, deben facer o propio nas súas comarcas, buscando deste xeito que ningunha moza quede fóra da Asemblea por descoñecemento da súa existencia.
- As reunións da Asemblea Nacional de Mulleres serán anunciadas ao conxunto das mozas de Galiza Nova por medio de convocatorias individualizadas a cada un dos seus membros coa antelación necesaria para que todas poidamos conciliar as nosas vidas co funcionamento da Asemblea. Deste xeito, a data escollida levarase con antelación a unha valoración conxunta a través do correo electrónico para cadrala nunha data que conveña á maioría.
- As reunións da Asemblea Nacional de Mulleres, mencionadas no anterior punto, realizaranse como mínimo cada 6 meses, podendo convocar reunións extraordinarias cando os tempos e

as circunstancias o permitan ou o requiran. Así mesmo, as responsábeis comarcais e locais das asembleas de mulleres deben informar a todas as mozas da zona destas reunións e pular por aumentar a asistencia ás mesmas.

- A ANM encargárase de facer colectivamente plans de traballo anuais ou semestrais para garantir un traballo con continuidade e obxectivos claros.
- Cómpre garantir o bo funcionamento da Mesa Nacional da Asemblea Nacional de Mulleres, recentemente recuperada, para que o peso e o traballo sexan colectivos. Dende a Asemblea Nacional de Mulleres impulsárase a participación das mozas de Galiza Nova no Grupo de Traballo de Acción Feminista do BNG para garantir a comunicación e interacción entre ambos organismos

8. Asemblea LGBT

Na XIV Asemblea Nacional constituíuse a Asemblea LGBT cun carácter non mixto, dotando a este órgano dunha estrutura organizativa propia dentro de Galiza Nova, e coa capacidade de definir a liña política e os campos de traballo a nivel nacional. Creouse así mesmo a Mesa Nacional LGBT, co fin de dinamizar o traballo máis urgente e permitir así unhas dinámicas máis áxiles. Non obstante, cómpre sinalar que o traballo, aínda que nunca deixou de realizarse, si se chegou a ver resentido nalgúns momentos. A convocatoria das estruturas nacionais deberá ser realizada con maior frecuencia para tentar solucionar estas eivas.

Durante este período pulouse pola creación de Asembleas comarcais LGBT que permitisen a realización de campañas comarcais e/ou locais mantendo así un traballo constante neste eido, seguindo o mandato da XIV Asemblea Nacional. Neste novo período os nosos esforzos deberán ir encamiñados a reforzar estas asembleas, pois conseguen un contacto directo coa mocidade e un traballo máis a pé de rúa

A Asemblea LGBT deberá continuar a traballar polo achegamento a outras organizacións LGBT do noso País na liña de expandir o noso proxecto nacional para a mocidade. O traballo con estas organizacións permítenos ter coñecemento de primeira man da situación das mozas LGBT, ademais de poder brindarlles unha ferramenta a nivel institucional para desenvolver esta loita.

8.1. Funcionamento da Asemblea Nacional LGBT.

- A Asemblea LGBT é o máximo órgano de decisión neste eido dentro de Galiza Nova, mantendo un carácter autónomo. Ten un carácter non mixto, podendo formar parte dela as militantes e simpatizantes LGBT que así o desexen.
- Se o número de militantes o permitise, crearanse tamén Asembleas Comarcais LGBT, co fin de realizar un traballo de base máis próximo á nosa mocidade de referencia. As Responsábeis Comarcais LGBT pularan pola incorporación das mozas LGBT a estas asembleas.
- As convocatorias da Asemblea Nacional LGBT serán comunicadas ao conxunto das militantes pertencentes a esta asemblea e tamén ás Responsábeis Comarcais, co fin de facilitar a incorporación de novas militantes e evitando así que non participen por descoñecemento deste funcionamento. Estas convocatorias deberán ter unha periodicidade mínima de 6 meses, podendo realizarse asembleas extraordinarias se as circunstancias o requirisen.

- Co fin de axilizar o traballo da Asemblea Nacional, a Mesa Nacional LGBT desenvolverá o traballo máis urxente da organización e será a encargada de dinamizar o traballo entre cada convocatoria nacional. Pularase por unha colectivización do traballo para garantir un correcto funcionamento. Esta mesa estará integrada por 4 membros da Asemblea LGBT, ademais da Responsábel Nacional.
- Dende a Asemblea Nacional LGBT pularase pola participación da militancia de Galiza Nova no Grupo de Traballo LGBT do BNG, para lograr unha maior comunicación e traballo entre ambos organismos.

9. Relacións internacionais

No plano das relacións internacionais, detectamos no último período un crecente interese por parte de numerosas organizacións internacionais cara á situación das nacións sen estado do Estado Español, e nomeadamente cara o caso de Galiza e o nacionalismo galego. Esta situación lévanos a reflexionar sobre o noso traballo político na área das relacións internacionais con outras organizacións. No vindeiro período continuaremos o traballo do anterior, prestando unha coidadosa atención ao mantemento das relacións internacionais, así como ás comunicacións e material que elaboramos para dar a coñecer a nosa actividade.

Do mesmo xeito, procuraremos mellorar a coordinación da responsabilidade de internacional coa Asemblea da Emigración, de cara a facer máis efectivo o noso traballo en materia internacional.

Os nosos contactos con organizacións internacionais continuarán a basearse en relacións en pé de igualdade e beneficio mutuo tanto con organizacións nacionalistas e independentistas dentro do estado español coma de Europa, coma movementos de liberación nacional, organizacións lusófonas e aquelas que teñan principios anti-imperialistas de forma máis xeral, compartindo connosco os principios de liberación nacional e xustiza social.